# O CONTRATO DE VITALICIO (DENDE A COMUNICACIÓN DE AMANDO LOSADA NO I CONGRESO DE DEREITO GALEGO ATA OS NOSOS DÍAS)*

**José Ricardo Pardo Gato**
*Avogado*

Sumario: **1. Introducción: Amando Losada e o *Vitalizo*. 2. Virtualidade xurídica do Vitalicio con anterioridade á Lei Galega de 1995**: 2.1. O contrato de vitalicio na xurisprudencia. 2.2. O contrato de vitalicio na normativa precedente e a súa constatación nos dous primeiros congresos de dereito galego. **3. O Contrato de Vitalicio na Lei de Dereito Civil de Galicia.** 3.1. Concepto legal. 3.2. Caracteres e obrigas. 3.3. A extinción do contrato: A) *A desistencia unilateral*. B) *A resolución por incumprimento*. **4. Posibles reformas á Regulación Galega do Vitalicio: as propostas da Comisión e as presentadas no III Congreso de Dereito Galego. 5. Referencia ó Contrato de Alimentos do Código Civil introducido pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, e as súas diferencias co Vitalicio Galego. 6. A modo de conclusión.- Referencias bibliográficas.**

## 1.- INTRODUCCIÓN: AMANDO LOSADA E O *VITALIZO*

Dende que CASTELAO, no seu *Sempre en Galiza* [1], RISCO, ó artella-la súa *Teoría do nacionalismo galego* [2], ou BRAÑAS, no fundamental *Rexionalismo galego* [3], se laiaban da ausencia de lexislación de dereito civil galego e da inadecuación do Código Civil á nosa realidade xurídica e social, ata este novo século en que Galicia dispón xa dunha Lei de dereito civil propia, aprobada co voto unánime de tódolos grupos con representación parlamentaria, pasou un longo período de tempo.

Nese transcurso, indiscutiblemente fructífero da vida xurídica galega, foron xurdindo autorizadas voces que reclamaron de modo incesante a plasmación legal de distintas institucións xurídicas peculiares da nosa comunidade, e que viñan responder ó amplo conxunto de intensas relacións privadas derivadas, precisamente, da mesma esencia, histórica e actual, do noso dereito.

---

* Traballo galardoado co **Premio xurídico *Amando Losada***, II edición, segundo acordo do Consello da Avogacía Galega do 28 de abril de 2004, patrocinado conxuntamente coa Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Dentro deste movemento xurídico galego resalta a figura de AMANDO LOSADA DÍAZ, quen dende a avogacía e no exercicio da profesión letrada, sen esquece-lo seu notorio labor como xurista, conferenciante e escritor, centrou a súa atención nas cuestións da *Galicia xurídica*, prestándolle especial interese ó dereito foral galego e ás súas particulares institucións, como á compañía familiar galega ou ó dereito de labrar e posuír, ademais da aparcería ou no relativo ós problemas específicos da comunidade en materia de augas, entre outras inquedanzas salientables.

Pero foi sobre o contrato do *vitalizo*, como así propiamente o acuñou seguindo a denominación empregada na linguaxe do país, e no marco do I Congreso de dereito galego, onde LOSADA DÍAZ se dedicou con particular esforzo a demanda-la súa necesaria e obrigada regulación dentro do noso ordenamento xurídico propio [4], tendo en conta que se trataba dunha figura axeitada no seo do dereito consuetudinario de Galicia. De feito, entre outras razóns, a súa destacada actuación nese congreso débese fundamentalmente ó texto da súa comunicación titulada *El contrato de "O vitalizo"* [5], que lle valeu o nomeamento de colaborador especial do evento.

Segundo as súas propia verbas, e con cita de REINO CAAMAÑO, na nosa terra era frecuente a existencia de contratos nos que os anciáns que carecen de herdeiros forzosos "asocien al cultivo de sus tierras al que habrá de heredarle, concertando pactos que bautizan con el nombre de compraventa"; sobre o que engadía a continuación que a razón desta denominación de compravenda e non a do *vitalizo* debíase a que dentro do cadro dos contratos que o Código Civil recollía non se atopaba ningún que atendera correctamente ás concretas necesidades que este contrato viña cubrir. Por outro lado, na defensa da institución tamén sostivo que cando con posterioridade a xurisprudencia outorgou carta de natureza ó contrato de vitalicio como figura autónoma e distinta da renda vitalicia, a razón de que non se acudira directamente á súa formalización atopábase na dura e enerxética fiscalidade á que estaba sometido.

Sen embargo, xa o autor demandaba con acerto a axeitada regulación deste contrato polos grandes beneficios que lle podía prestar ó agro galego ós fins de loitar contra o minifundio, en tanto que favorece que a explotación agrícola recaia nun só titular, que é o que vai asumi-las obrigas derivadas do contrato, co que se evita que estas herdanzas pasen á sucesión intestada, o que provocaría unha maior multiplicación dos predios, e ademais desatenderíase unha necesidade dos anciáns sen herdeiros forzosos de resolve-lo seu específico problema de convivencia nos derradeiros anos da súa vida.

Pese a que nun primeiro momento o lexislador galego non aproveitou a oportunidade que lle brindaba a Lei de 1987 para a súa constatación normativa, seguindo a inxustificada ausencia marcada pola Compilación de 1963, esas mesmas razóns apuntadas levárono finalmente a regula-lo vitalicio na Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia (LDCG) [6], como contrato autónomo e independente do de renda vitalicia, aínda que quizais

non todas e cada unha das características propias que a súa vixencia no país esixe, acadaran a plasmación legal que se lles presumía, o que veu xustifica-lo seu tratamento específico dentro dun dos relatorios incluídos no III Congreso de dereito galego, onde se propuxeron determinadas modificacións que cómpre ter en conta nunha próxima modificación do texto legal.

No presente traballo tratarei de expoñer a grandes trazos, dada a limitación extensiva prevista nas bases do concurso, a evolución desta figura xurídica no ámbito do dereito galego, así como o seu valor actual e as posibles reformas que se poderían acometer, o que nos ofrecerá unha visión global da enorme repercusión posterior que trouxo consigo a comunicación de AMANDO LOSADA, e sen perder de vista tampouco a recente inclusión no Código Civil do contrato de alimentos a través da Lei 41/2003, do 18 de novembro, como obriga xurdida do pacto e non da norma, pero con significativas diferencias á regulación galega do vitalicio como teremos ocasión de comprobar.

## 2.- VIRTUALIDADE XURÍDICA DO VITALICIO CON ANTERIORIDADE Á LEI GALEGA DE 1995

Con precedentes no dereito comparado [7] e similitudes noutras rexións do Estado español [8], o defendido por LOSADA DÍAZ na súa argumentación serve para poñer de manifesto que o contrato de vitalicio sempre tivo vixencia e arraigamento en Galicia, onde, como di LETE DEL RÍO [9], se mantivo "a través de fórmulas indirectas, simuladas o cuasifraudulentas", por ser distinto da doazón e por non atopar fácil encaixe na renda vitalicia, a pesar das súas semellanzas tanto pola índole aleatoria que os caracteriza como por estaren sometidos a unha forte fiscalidade.

Pódese afirmar, por tanto, que o vitalicio, como calquera institución ou figura xurídica dun determinado ordenamento que presenta unha certa continuidade no tempo, coas conseguintes e lóxicas adaptacións e troques que poida sufrir, preséntase coma un producto histórico, e neste caso con total virtualidade práctica, pese á súa non formulación previa no dereito positivo. Non debemos esquecer ademais que todo acto do presente, especialmente no ámbito xurídico, atópase inexorablemente ligado á experiencia histórica do pasado nun *continuum* histórico [10], polo que debemos tomar como punto de partida os datos de que dispoñemos, os tradicionalmente manexados pola xurisprudencia e a doutrina especializada.

### 2.1. O contrato de vitalicio na xurisprudencia

Con anterioridade á vixente LDCG foi a xurisprudencia a que concretou a súa definición e a que marcou as súas semellanzas e diferencias con respecto ás outras figuras similares [11], en tanto que adoitaba encubrirse baixo diversas formas xurídicas, como a cesión con pactos resolutorios ou as vendas con reserva de usufructo.

Sen prexuízo da posible remisión a algúns dos comentarios xurisprudenciais en torno ó contrato de vitalicio que se achegan ó longo deste estudio [12], e que non fan senón demostra-la súa admisión tradicional con base no principio de autonomía da vontade recollido no artigo 1255 do Código Civil, a resolución xudicial que marcou un punto de inflexión sobre o tema foi a STS do 28 de maio de 1965, a mesma á que se referiu LOSADA DÍAZ na súa comunicación para recensiona-la estimación do vitalicio pola xurisprudencia do Tribunal Supremo coma un contrato autónomo, ignominado e atípico, distinto do da renda vitalicia regulado nos artigos 1802 a 1808 do Código Civil [13], e que pode ser tamén chamado indistintamente "contrato de pensión alimentaria", "contrato de alimentos vitalicios", "cesión de bens a cambio de alimentos" [14], ou simplemente "contrato de alimentos" como agora parece recollerse no Código Civil para o ámbito estatal, aínda que neste caso non poida cualificarse estrictamente de vitalicio galego.

Esta mesma doutrina é a que lembra a STS do 3 de novembro de 1988, que adoitando igual definición, incide no seu carácter de contrato aleatorio, rexido polas cláusulas, pactos e condicións que se incorporen a este en canto non sexan contrarias ás leis, á moral ou á orde pública, e que ten como causa, para unha das partes, a transmisión que a outra fai dun capital ou duns bens, e para esta, o aloxamento, a manutención e toda clase de asistencia e de coidados durante a súa vida que aquela se obriga a prestarlle, ou a satisfacción dunha pensión de alimentos.

Pero tamén, a título de exemplo, pois o contrato de vitalicio non necesariamente se produce sempre nos mesmos termos e coa mesma extensión dado que é susceptible de múltiples variedades acordes coa súa finalidade e mais coa súa natureza [15], entendo de interese referirme dentro da xurisprudencia menor á SAP de Ourense do 4 de maio de 1993 [16], en tanto que basicamente o vitalicio propio da nosa terra vén responder á súa acertada descrición: por virtude da liberdade contractual as partes poden acordar que unha delas lle entregue á outra, non unha cousa ou un conxunto de cousas mobles ou inmobles, senón un patrimonio, e recibir non unha determinada cantidade de cartos ou productos en especie, senón todo o que sexa necesario para a vida, en razón ás necesidades materiais e espirituais do cedente, podendo chegar a convivir xuntos, proporcionándolle alimentos, vestido, aloxamento, asistencia médico-farmacéutica en caso de enfermidade, e rodeado, en suma, de afectos e coidados ó cedente.

Pois ben, toda esta doutrina xurisprudencial é a que se segue subliñando, con expresións máis ou menos semellantes, con posterioridade ó seu recoñecemento na LDCG, ben tomando como fundamento este texto legal cando de decisións de órganos xudiciais de ámbito galego se trata [17], ben mantendo o posicionamento interpretativo e o seu recoñecemento *de facto* no caso das sentencias recaídas ata o momento no resto do Estado español [18], como ocorre coas máis recentes SSTS do 9 de xullo de 2002 ou 1 de xullo de 2003, e que empregan iguais razoamentos para definir e compara-lo contrato de vitalicio con outras institucións que as citadas sentencias de 1965 e 1988.

**2.2.- O contrato de vitalicio na normativa precedente e a súa constatación nos dous primeiros congresos de dereito galego**

Con apoio nesta xurisprudencia anterior, dada a inicial ausencia de regulación específica, foise constituíndo unha cultura xurídica configuradora do contrato de vitalicio propiamente considerado, tendo presente que se trataba dunha figura de costume arraigada en Galicia, o que orixinou que tanto no primeiro coma no segundo Congreso de dereito galego se deixara reflectido este sentir xurisprudencial e doutrinal, así como a necesidade do seu acollemento legal.

E é que moitos anos antes de que fora promulgada a Compilación de dereito civil especial de Galicia de 1963, xa FUENMAYOR CHAMPÍN [19] reclamara sen éxito a súa axeitada regulación. Non obstante, dentro do longo e lento proceso do desenvolvemento histórico polo que discorreu o denominado dereito privado galego, non se recolleron neste primeiro texto normativo oficial determinadas institucións de uso constante na práctica xurídica galega, entre elas o noso contrato de vitalicio, ademais do usufructo vidual universal, o testamento conxunto, o aboamento en metálico das lexítimas, ou o apartamento, o que derivou no acusado carácter consuetudinario do dereito galego e o escaso recurso ó texto compilado, que non se correspondía coa realidade vivida [20].

Pero sen abandona-la idea, tratadistas posteriores seguiron apostando pola súa regulación [21] como paso previo á realización do I Congreso de dereito galego, que tivo lugar na Coruña os días 23 ó 28 de outubro de 1972, e que foi promovido polos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia e pola Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Como xa diximos, neste importante congreso foi onde LOSADA DÍAZ, dentro da sección IV, "CASTRO BOLAÑO" (que versaba sobre "Instituciones forales que deben suprimirse en el Derecho foral gallego y cuales, no estando en él, procede se incluyan en el mismo"), puxo sobre a mesa do debate xurídico a demandada e urxente necesidade lexislativa, solicitude ben fundada e razoada que atopou o debido consenso dos congresistas e que levou á formulación de dúas conclusións que, verbo da figura do contrato de vitalicio, se adoptaron finalmente:

*"Primera. Por tratarse de una institución distinta de la de renta vitalicia, pedimos que la Compilación revisada reconozca y regule la costumbre arraigada en Galicia conocida con el nombre de "o vitalizo", o sea, el contrato que se otorga por persona que, careciendo de herederos forzosos, conviene con terceros la transmisión de bienes a éstos a cambio de su convivencia o cuidado y asistencia en salud y en enfermedad, y de cualquier otra obligación que se una a estas principales.*

*Segunda. Igualmente, pedimos que esta institución, dado su carácter cuasi-familiar y dados los escasos recursos económicos que generalmente poseen los contratantes, no sea asimilada a efectos fiscales al contrato de renta vitalicia, sino al de compraventa o a otro*

*que, por la entidad de su tributación, no sea tan gravoso que la haga escapar de su documentación escrita."*

O contido destas conclusións tiveron o seu reflexo no II Congreso de dereito galego que, contando con idénticos organizadores, realizouse dende o 25 ó 29 de xuño de 1985 na mesma cidade, e cun obxectivo previo que era tamén o da profundación na identidade galega e a potenciación do dereito autóctono, dos seus principios xerais, as súas fontes e a súa causa orixinadora, nunha nova mostra de intencións por favorece-la súa conservación e o seu desenvolvemento [22]. Foi, en concreto, LORENZO FILGUEIRA quen na súa comunicación fixo fincapé nas referidas afirmacións acordadas no anterior congreso sobre a figura do contrato do vitalicio, referíndose a elas no último punto do seu traballo: "Estudios para una Ley de Bases de reforma de la Compilación del Derecho Civil Especial de Galicia" [23], encadrado na sección II, "CARBALLAL PERNAS" [24].

A pesar de que o comentario de LORENZO FILGUEIRA ó respecto non tivo, de xeito específico, repercusións nas conclusións do II Congreso, de seguro por non varia-lo significado e o sentido das acordadas no primeiro dos eventos realizados, no último parágrafo da conclusión cuarta da sección I, "PÉREZ PORTO", faise alusión ó feito de que "la Comunidad Autónoma de Galicia podrá legislar e incluir en su Compilación cualesquiera instituciones o peculiaridades que le son propias, que no fueron incluidas en su primera redacción", entre as que pode entenderse que indirectamente se estaba facendo referencia ó vitalicio.

Pero aínda que a propia Compilación de 1963, na súa disposición adicional, especificara a posibilidade de reforma con base nas omisións ou deficiencias observadas, a súa adaptación e integración no ordenamento xurídico da comunidade galega a través da Lei 7/1987, do 10 de novembro, do Parlamento de Galicia, baixo o nome de Compilación do dereito civil de Galicia -coa supresión do antigo adxectivo de "especial [25]-, non implicou a introducción do contrato de vitalicio no elenco legal de modificacións operadas, e iso a pesar de que a propia exposición de motivos sinalaba que coa imperiosa renovación das disposicións da Compilación de 1963 terían que entronca-las que precisen as institucións non recollidas nela.

Seguindo a evolución cronolóxica do recoñecemento desta figura xurídica no noso dereito, da súa posterior continuidade e vixencia faise eco a Comisión parlamentaria non permanente de dereito civil de Galicia, constituída o 9 de maio de 1988, no seu "Trabajo sobre la Compilación de Derecho civil de Galicia" [26]. A través deste estudio elaborouse a Proposta de Compilación do 22 de marzo de 1991, que na exposición de motivos advirte que "*la proliferación de situaciones de desamparo y soledad, derivadas del progresivo envejecimiento de la población campesina, puso de máxima actualidad la figura del vitalicio, contrato que, diferenciado del de renta vitalicia, va a girar sobre la prestación alimenticia y en particular sobre el cuidado del cedente, generando para el caso de resolu-*

*ción y devolución de bienes una obligación indemnizatoria, aunque compensable, con el fin de evitar lo que sería un enriquecimiento injusto".*

Como pode observarse, neste traballo prescindiuse da esixencia de que o alimentista e cedente dos bens careza de herdeiros forzosos como así se recollía na transcrita conclusión primeira do I Congreso de dereito galego, requisito finalmente tampouco contemplado na Lei de dereito civil de Galicia aprobada en último termo.

## 3. O CONTRATO DE VITALICIO NA LEI DE DEREITO CIVIL DE GALICIA

Despois de tódolos avatares que trouxo consigo o tratamento do contrato de vitalicio na xurisprudencia anterior, na doutrina e na propia posibilidade aberta da súa contemplación lexislativa, a súa inclusión definitiva nunha lei promulgada pola Comunidade Autónoma galega debe de aplaudirse, pois responde, en efecto, a unha auténtica necesidade sentida na nosa terra, demandada singularmente por LOSADA DÍAZ e reflectida pola mencionada Comisión de dereito civil de Galicia.

Tendo en conta que o vitalicio constitúe unha figura xurídica inserta dentro do ámbito do dereito consuetudinario galego, non debemos esquecer que as anteriores razóns que xustifican o seu arraigamento e existencia non son exclusivas e peculiares unicamente da nosa terra, xa que en moitas das comunidades autónomas que conforman o Estado español, e tamén por iguais motivos, esta cesión dos bens que nos ocupa foise realizando, e segue realizándose, por medio de fórmulas ou expedientes diversos [27], tal e como o demostra a abundante xurisprudencia, xa sexa do Tribunal Supremo, xa dos distintos tribunais superiores de xustiza ou xa das audiencias provincias, que sobre a materia recaeu nas diferentes rexións de España [28].

Non obstante, e tendo en conta a orfandade da súa regulación legal nos restantes dereitos civís españois, o contrato de vitalicio tipifícase, por vez primeira, no ordenamento xurídico español na LDCG do 24 de maio de 1995, concretamente no capítulo III do título V (artigos 95 a 99) [29], tomando como base para a súa introducción lexislativa os usos tradicionais e a súa efectiva "tipicidade social", así como a nova realidade existente e súa notable saúde práctica, o que non impide que a dita regulación poida ser motivo de lexítimas obxeccións.

### 3.1.- Concepto legal

Segundo sanciona o vixente artigo 95.1 da LDCG, a modo de noción descritiva, o vitalicio defínese legalmente, de acordo coa súa natureza alimentaria e asistencial, como o contrato por virtude do cal unha ou varias persoas obríganse, verbo doutra ou outras, a prestar alimentos na extensión, amplitude e termos que conveñan en troques da cesión ou entrega de bens polo alimentista. O feito de que á hora de conceptua-lo vitalicio o lexislador gale-

go tivera en conta, como principal referente para a configuración do dito suposto contractual, os posicionamentos vertidos pola xurisprudencia, compróbase en que esta obriga de "prestar alimentos na extensión, amplitude e termos que conveñan" [30] está tomada literalmente da citada sentencia do 28 de maio de 1965.

A pesar desta liberdade con que contan as partes para establecer tales límites, derivada das variables e subxectivas circunstancias que poidan concorrer en cada suposto concreto, o lexislador galego tenta establecer a continuación uns criterios xerais e mínimos por debaixo dos cales, case con toda probabilidade, se poñería en dúbida a propia posibilidade de subsistencia. Así, a medula do contrato de vitalicio, que radica no valor da asistencia alimenticia [31], configúrase con certo detalle no número 2 do artigo 95 cando dispón que "en todo caso, a prestación alimenticia abranguerá o sustento, a habitación, a vestimenta e a asistencia médica do alimentista, así como as axudas e os coidados, mesmo os afectivos, axeitados ás circunstancias das partes".

Ó incluí-los *coidados afectivos* estase facendo especial referencia á causa primeira deste contrato, cal é a de acoller a persoas en situación de desamparo e soidade, aspecto sobre o que incide o Tribunal Supremo na sentencia do 9 de xullo de 2002 cando afirma, con cita na resolución recorrida, que "la particularidad de los vitalicios es la de vivir "en familia", es decir la de la prestación de asistencia, atención y cuidado y sobre todo cariño a la persona acogida ya que no se entiende una convivencia o atención no deseada por alguna de las partes contratantes" [32].

Aínda que en principio o concepto legal resulta permisivo en canto ós supostos que nel teñen cabida, xa que por non resultar imprescindibles ós fins pretendidos non se esixe unha convivencia real de alimentante e alimentista, nin tampouco a carencia de herdeiros forzosos deste último -como, pola contra, así se defendía nas conclusións do I Congreso de dereito galego-, si é preciso *en todo caso,* tal e como advirte o precepto, que concorran os elementos obxectivos anteriormente numerados.

### 3.2.- Caracteres e obrigas

Con independencia da maior ou menor concretude da noción normativa galega, este contrato, que recibiu distintas conceptuacións por parte do sector doutrinal [33], presenta como caracteres específicos, en primeiro termo, o de ser un contrato aleatorio [34], no que o "aleas" é tido en conta polos respectivos contratantes como parte esencial do contrato (SSTS do 28 de xullo de 1998 e 17 de xaneiro de 2002) [35]. A dita aleatoriedade reside na incerteza sobre a duración da vida do alimentista [36] e o custo variable das súas necesidades, en tanto que depende de circunstancias tan variables como son a de que teña boa ou mala saúde e a próspera ou adversa evolución da economía familiar; polo tanto, pode dicirse que, en certa medida, esta calidade débese á existencia dun risco a causa da indeterminación do momento da extinción do contrato [37], xunto coa falta de determinación na con-

tía dos alimentos.

Trátase, así mesmo, dun contrato consensual (STS do 10 de xaneiro de 2001) [38] e sinalagmático [39], do cal derivan obrigas bilaterais de carácter recíproco para ámbalas dúas partes: a entrega de bens por parte do alimentista e a prestación de alimentos para o cesionario (unha causa da outra) [40], é dicir, o cedente está obrigado a entrega-lo dominio, o dereito real limitado ou a facultade de simple uso e goce dos seus bens ou dereitos, mentres que o cesionario se obriga á prestación de alimentos convida. A este respecto, debemos aclarar que, a diferencia da posición intransmisible do alimentado, a obriga de prestar alimentos constitúe unha esixencia de por vida -por vida contemplada como di a doutrina-, pois conforme ó artigo 97 da LDCG, e dado que non pode cualificarse de obriga persoal, "subsistirá ata o falecemento do alimentista, agás que se acorde outra cousa, e será transmisible ós herdeiros ou legatarios do obrigado a satisfacelos".

O carácter bilateral do contrato de vitalicio podemos entrevelo tamén na admisión como partes contratantes dunha pluralidade de persoas -"unha ou varias persoas obríganse, verbo doutra ou outras"-, polo que non é estraño que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentencia do 15 de decembro de 2000 precise que para apreciar unha pluralidade de contratantes, na posición de alimentistas, requírese que a cesión ou entrega comprenda bens de cada un ou bens comúns [41].

Queda así superada a suposta e pretendida unilateralidade do vitalicio, defendida por determinada xurisprudencia [42] e por algúns autores [43], pois desta figura contractual xorden, dende a súa perfección, obrigas tanto para o cedente como para o cesionario e admítese a súa resolución tamén tanto a instancia dun como doutro, ben mediando un pacto expreso entre as partes ou, incluso, sen el, como así reitera a posición doutrinal [44] e xurisprudencial maioritaria [45], á que me sumo.

Pero é que, ademais, estamos ante un contrato oneroso, na medida de que a obriga de alimentos e asistencia ten como contraprestación os bens que se entregan ou ceden, nun intento das partes por obter un beneficio ou equivalencia a través das súas respectivas prestacións, e iso a pesar de que esta relación, dada a súa aleatoriedade, non implique necesariamente unha estricta correspondencia económica [46]. Neste sentido, debemos ter en conta que as escasas probabilidades de prolongación da vida do alimentista poden chegar a provoca-la estimación xudicial da inexistencia da causa onerosa ou aleatoriedade no contrato de vitalicio (véxase o suposto da STS do 26 de maio de 1997 e o axuizado na mencionada STSXG do 15 de decembro de 2000) [47].

Esta característica da onerosidade impedirá que o contrato de vitalicio poida ser impugnado en virtude dun posible prexuízo na lexítima dos herdeiros do constituínte [48], aínda que a cesión ou entrega de bens esgotara o capital deste [49].

Tamén cabe dicir do contrato de vitalicio que é un contrato *intuitu personae*, pois a relación obrigatoria que del se deriva fúndase na confianza mutua que as partes se profesan, carácter especialmente visible cando existe pacto de convivencia do alimentista co cesionario dos bens [50].

Agora ben, en rigor, hoxe no noso dereito xa non pode predicarse que esteamos ante un contrato innominado e atípico, como así se viña cualificando tradicionalmente, nin tampouco poñerse en dúbida o seu carácter autónomo, en tanto que na actualidade existe xa unha regulación legal específica e diferenciada.

Por último, en canto á forma do negocio, a norma expresa prevista no artigo 96.1 da LDCG -cando sinala que as normas contidas nesta lei son aplicables a todo contrato de vitalicio calquera que sexa a cualificación xurídica que lle atribuísen as partes- non reflicte máis nada cá realidade deste contrato, que non é outra cousa que a súa formalización efectiva baixo fórmulas xurídicas moi diversas, incluídos os tipos contractuais simulados [51], constituíndo un mero recordatorio do lexislador galego, ó meu modo de ver innecesario, de que se deben de cualificar deste xeito e, en consecuencia, quedarán sometidos á súa regulación específica aqueles contratos, encubertos ou non, nos que en realidade o pactado sexa a entrega duns bens a cambio ou por causa duns coidados e atencións [52].

Se lle engadimos ó anterior o feito de que deberá de formalizarse en documento público (artigo 96.2 LDCG), podemos concluír que se trata dun contrato formal e solemne, no que, deixando á marxe as posibles interpretacións da norma [53], e a sabendas de que en Galicia moitos contratos de vitalicio se formalizan simplemente en documento privado, comparto, con LORENZO MERINO [54], a opinión de que non debe verse no mesmo unha esixencia de forma *ad solemnitatem* ou como requisito esencial de validez, senón, como nos demais contratos onerosos, a mera forma *ad utilitatem*, pois a súa formalización pública será imprescindible para que produza efectos contra terceiros e para que o vitalicio poida desprega-las consecuencias que as leis lles vinculan ós instrumentos públicos, pero non para que exista *inter partes* [55].

### 3.3.- A extinción do contrato

Tocante á extinción do contrato de vitalicio, e a instancia do cesionario, regula a LDCG a desistencia e, a petición do cedente, a resolución, destinando para o seu desenvolvemento gran parte do capítulo III.

A) *A desistencia unilateral.*

O artigo 98 da LDCG trata de ofrecer solución a unha das máis frecuentes dificultades con que se atopa o cesionario á hora de cumprir coa prestación de alimentos a que se obrigou no momento de acepta-lo contrato de vitalicio, xa que lle achega a posibilidade de que-

dar liberado dela a través dunha declaración de vontade en tal sentido. Para tal efecto, a alínea primeira do precepto establece que "a instancia do cesionario, o contrato poderase resolver en calquera tempo, logo de notificación con seis meses de antelación". A xurisprudencia anterior á LDCG tratara o tema dende a perspectiva da revogación unilateral pero, exclusivamente, a prol do alimentista, non do cesionario [56], aínda que a posibilidade do pacto en tal sentido tamén era admitida de modo xeneralizado pola doutrina [57].

A norma galega afástase do criterio xurisprudencial marcado, ó conferir no dito precepto tal facultade ó cesionario dos bens e non ó cedente [58]. Así, para os efectos desta desistencia unilateral, a alínea segunda engade que, no caso de resolución contractual polos motivos expostos no parágrafo anterior, "o cesionario terá dereito á metade das ganancias obtidas co seu traballo", o que presenta dúas cuestións: a da devolución dos bens recibidos e a das ganancias existentes.

B) *A resolución por incumprimento.*

A resolución do contrato de vitalicio a instancia do alimentista [59] polo incumprimento das obrigas do cesionario contémplase no artigo 99 da LDCG, que admite tal resolución -que non *rescisión-* [60] sempre que concorra algunha das causas que se enumeran, e onde se dispoñen tamén as posibles consecuencias no seu caso, o que nos pode dar unha idea da importancia que tivo a súa regulación no dereito galego, superando xa algunhas posicións que negaban esta posibilidade [61].

Esta norma, que vén confirmar no seu presuposto inicial resolutorio o carácter bilateral e recíproco do contrato [62], establece tres causas específicas que obedecen a supostos propios da obriga do cesionario, ademais da xenérica do incumprimento do pactado no contrato (artigo 99.1.d), as cales son: a conducta gravemente inxuriosa ou vexatoria do obrigado a prestar alimentos (artigo 99.1.a); o incumprimento total ou parcial da prestación alimenticia, sempre que non sexa imputable ó seu preceptor (artigo 99.1.b), o que non deixa de ser frecuente cando é este quen se nega ou non facilita o cumprimento para obte-la resolución [63]; ou cando o cesionario non coidase ou non atendese no necesario ó cedente, segundo a posición social e económica das partes e en todo canto faga posible o capital cedido, na procura do mantemento da súa calidade de vida (artigo 99.1.c). Polo tanto, as causas resolutorias contidas nos parágrafos 1.a e 1.c fan referencia ó aspecto asistencial do contrato, mentres que a do parágrafo 1.b se refire ó aspecto puramente alimenticio.

Destes motivos que poden orixina-la resolución do contrato de vitalicio atópanse suficientes exemplos na xurisprudencia [64], pero interésame resaltar aquí o afirmado na SAP de Ourense do 16 de abril de 2001 [65], onde se defende que nos supostos contractuais de vitalicio resulta evidente que a propia vontade do dispoñente de remata-la relación que o liga co alimentante nin determina o incumprimento deste, nin pode supoñer motivo para a resolución do contrato, pois "únicamente tendrá lugar éste cuando se acredite de modo cierto y

eficaz, a los efectos pretendidos, que la extinción de la relación de alimentos tiene su causa en la conducta del alimentante e incluso, en este caso, la cedente requiera a la obligada a prestarle alimentos, de forma fehaciente, para ello".

Finalmente, en canto ós efectos da resolución por incumprimento, procede a restitución ou reversión da propiedade transferida ou dos bens cedidos, en tanto que polo que respecta ós froitos e ás prestacións de alimentos realizadas polo cesionario o artigo 99.2 da LDCG prevé expresamente que, en defecto de pacto en contrario, o alimentista ten a obriga de indemniza-los gastos ocasionados, se ben poderán ser obxecto de compensación total ou parcial cos froitos percibidos dos bens motivo de cesión [66], nos termos acordados polas partes ou, a falta de acordo, haberá que aterse ó que determine a correspondente resolución xudicial.

**4. POSIBLES REFORMAS Á REGULACIÓN GALEGA DO VITALICIO: AS PROPOSTAS DA COMISIÓN E AS PRESENTADAS NO III CONGRESO DE DEREITO GALEGO.**

Despois de examina-la regulación vixente do contrato de vitalicio prevista na LDCG, cómpre facer alusión ás posibles reformas que se poden, ou deben, acometer nun futuro, tendo en conta as lagoas que nela poidan existir ou as modificacións que cumpra introducir. Neste sentido, sería inxustificable non referirse á proposta de reforma da LDCG da Comisión Superior para o Estudio do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego [67] e, en concreto, á súa primeira versión completa do traballo que concluíu no mes de abril de 2001 [68] cun primeiro borrador proposto pola comisión [69], onde os artigos 147 a 156 constituirían a nova regulación do vitalicio [70]. Pero tamén debemos ter en conta ó respecto as revisións incluídas no tema III da sección V, "PEDRO GONZÁLEZ LÓPEZ", do III Congreso de dereito galego [71], que tivo lugar na Coruña, dos días 27 ó 29 de novembro do 2002, e que contou coas mesmas entidades responsables dos dous congresos anteriores.

Aínda que, por razóns da limitación do traballo, non poida determe en tódalas matizacións de que foi obxecto o actual capítulo III do título VII da LDCG, tratarei de deixar reflectidas as modificacións que dende o meu punto de vista considero máis relevantes para os efectos, pois o propio nome do capítulo III proposto pola comisión, como *Do vitalicio*, supón de feito unha clara mostra de intencións de que a proposta da súa modificación legal pasa por unha regulación da figura máis detallada que a actual.

Con carácter xeral, e sen esquecer certas imperfeccións terminolóxicas e técnico-xurídicas xa constatadas por BELLO JANEIRO [72], podemos dicir que o concepto do actual artigo 95 da LDCG mereceu sempre unha cualificación positiva, ó reflectir con claridade a función asistencial que preside o vitalicio, nota da que se derivan os dous trazos configuradores do tipo contractual: a aleatoriedade e o carácter persoalísimo da prestación asistencial na súa parte activa [73], circunstancia esta última que desemboca no elemento definidor da

afectividade que implica o vitalicio en Galicia. A este respecto, considero positivo, co manifestado no relatorio, mante-la fórmula legal de fixar un mínimo imperativo en atención ó contido da prestación alimenticia, pois a vontade expresa das partes mediante o específico contido do contrato é a que debe perfila-las prestacións. Non obstante, entendo de interese facer figura-la posibilidade de que a prestación de alimentos contemple a cesión de dereitos (elemento recollido no artigo 147, *in fine*, da comisión), e non só de bens como así se dispón ata o momento.

Salvo que no título constitutivo se fixese consta-lo contrario, resulta igualmente conveniente facer fincapé en que nos casos de pluralidade de obrigados a prestación alimentaria deberá ter carácter solidario, coa posibilidade tamén de que poida pactarse que os posibles obrigados cumpran a prestación alimenticia de modo conxunto e indivisible (artigo 148.2 da comisión), é dicir, se partimos do pensamento dun mínimo asistencial imperativo só a idea da solidariedade ou mancomunidade encaixaría axeitadamente nos supostos de pluralidade de suxeitos obrigados, razoamento que sen embargo, e pola mesma razón, levou a suxerir ós congesistas a falta de necesidade de norma específica ó respecto.

O que, en boa lóxica, sería oportuno recoller na futura modificación da LDCG é a inclusión dunha nova norma legal que veña confirmar que o contrato de vitalicio pode realizarse entre calquera tipo de parentes, incluso en liña recta descendente, en tanto que é perfectamente válido entre ascendentes e descendentes, como así se contempla no artigo 149.2 proposto pola comisión. Isto permitiría despexar todo tipo de dúbidas, xa que calquera argumento baseado na existencia dunha obriga legal de alimentos entre parentes que priva de causa á relación contractual significa descoñece-la radical diferencia entre a regulación dos artigos 142 e seguintes do Código Civil e a figura do vitalicio.

Estimo, polo contrario, improcedente o recordatorio da doutrina máis xeral da prevalencia da realidade subxacente sobre o *nomen iuris* en sede de vitalicio, polo que avogamos, como tamén o fixeron os relatores da sección V do III Congreso, pola supresión da actual alínea primeira do artigo 96 por superflua e improcedente, e sen que tampouco apareza ningunha referencia a esta na proposta da comisión.

Como xa tivemos ocasión de advertir, en canto á necesidade da formalización do contrato en escritura pública, ó considerar que tanto no sistema civil galego como no español ten mellor encaixe unha esixencia de forma no campo da eficacia que no da validez, inclíname co relatorio por propoñer dúas posibles solucións: que ou ben se suprima a norma do artigo 96.2, o que nos levaría a acudir ós postulados do Código Civil e á doutrina do Tribunal Supremo ó respecto; ou ben especificar no precepto legal que será necesaria a escritura pública ós meros fins de producir efectos fronte a terceiros. Ó meu entender, esta última quizais sexa a solución máis favorable, por clarificadora, das dúas posibles (tamén, *vid*. artigo 150 da comisión).

Pola súa parte, da aparente simplicidade do artigo 97 da LDCG despréndense, sen embargo, non poucos problemas de interpretación postos de manifesto no último dos congresos realizados [74], onde se trataron por separado os dous aspectos que o dito precepto presenta: o primeiro refírese á dimensión temporal do contrato en si, ó xirar verbo da prestación alimenticia e da súa duración, mentres que o segundo é unha consecuencia motivada pola subsistencia da dita obriga máis alá da vida do alimentante-cesionario, en íntima unión á reiterada función asistencial do contrato.

En canto ó primeiro dos aspectos, entendemos que na nova regulación deberá excluírse a posibilidade de pacto en contrario respecto á duración vitalicia da relación xurídica creada, pois ademais de ser esta a solución máis óptima dende unha perspectiva práctica para evita-las situacións de desprotección, é tamén a que maior encaixe presenta coa función de total cobertura de necesidades propia deste contrato.

Polo que se refire ó segundo dos elementos apuntados [75], resulta indispensable mante-lo texto do artigo 97 no referente á transmisibilidade pasiva, fronte ás negativas consecuencias que se derivarían dun carácter persoalísimo da posición de debedor. Se defendemo-la imposibilidade de pacto ante a duración vitalicia na obriga de prestar alimentos, neste caso temos que posicionarnos a favor da súa posibilidade, por canto debemos entende-la transmisibilidade como elemento natural do contrato na regulación actual. Así aceptada a transmisibilidade *post mortem*, cabería finalmente cuestionarse o axeitado da determinación das persoas que deban asumi-la posición de debedor. Neste sentido, a día de hoxe a lei fala de *herdeiros ou legatarios* [76], se ben a claridade da norma esixe unha maior precisión que veña supoñe-la determinación por lei da asunción da obriga con carácter solidario por tódolos sucesores do obrigado, e que só permita a liberación dalgún deles co consentimento do acredor da prestación [77].

Debemos aludir, por último, ás posibles reformas que cómpre introducir nos casos de extinción anticipada do contrato por vontade dos contratantes, contemplada nos vixentes artigos 98 e 99 da LDCG, onde se lle permite ó cesionario a desistencia e ó cedente a resolución do contrato, respectivamente.

De conformidade co afirmado ó examina-lo artigo 98, debe legalmente recoñecérselle ó cesionario a posibilidade de desligarse da súa obriga en calquera tempo a través da vía da desistencia e non da resolución (como así se recolle na actualidade), e é lóxica tamén, conforme a boa fe, a fixación dun prazo legal de aviso previo, que a vixente norma fixa en seis meses, por medio de notificación que debería especificarse fidedigna. Aínda que este prazo en principio podería manterse (cfr. artigo 152.1 da proposta da comisión), non estaría de máis matizar, de acordo co relatorio, que en interese e por vontade do cedente (caso por exemplo de que xa se poida realizar outro vitalicio) a devolución do ben cedido poida entenderse producida con anterioridade.

Non sería correcto, sen embargo, o recoñecemento legal dunha compensación ó cesionario, que o actual artigo 98.2 da LDCG cifra na metade das ganancias obtidas co seu traballo, pois a garantía do cedente é a que ten que primar por riba de todo na preocupación do lexislador, que debe facilitar, en todo caso, a continuidade do contrato sen facer atractiva a desistencia, sobre todo tendo en conta que o seu presuposto pasa indefectiblemente pola devolución do ben, sen máis cargas ou gravames cós preexistentes á cesión (artigo 152.2 da comisión), e nun estado de conservación similar.

As posibilidades e causas de resolución do contrato por parte do cedente contidas no artigo 99.1 da LDCG -entendo preferible a utilización nesta norma do termo cedente que do de alimentista empregado na actual regulación- considéroas perfectamente válidas para os efectos da futura reforma legal, xa que a súa adaptación ás distintas circunstancias persoais pode considerarse satisfactoria con carácter xeral. Polo contrario, estimo pouco afortunada, en consonancia co relatorio, a determinación dos efectos derivados da resolución, xa que o lóxico sería que o cesionario incumpridor, e non o cedente, sufra as consecuencias negativas do seu incumprimento.

## 5.- REFERENCIA Ó CONTRATO DE ALIMENTOS DO CÓDIGO CIVIL INTRODUCIDO POLA LEI 41/2003, DO 18 DE NOVEMBRO, E AS SÚAS DIFERENCIAS CO VITALICIO GALEGO

Paralelamente á regulación galega do vitalicio, á necesidade manifesta da inclusión no dereito común da figura que os tribunais, e fundamentalmente o Tribunal Supremo, viñan examinando e recoñecendo na práctica totalidade do territorio nacional requiría tamén a súa obrigada plasmación lexislativa, para que, como no caso de Galicia, non foran soamente a xurisprudencia e o dereito consuetudinario os únicos baluartes xurídicos da existencia deste tipo de contratos. Para os efectos, e a pesar de non responder *estrictu sensu* ó contrato de vitalicio galego tal e como tivemos oportunidade de describilo, a Lei estatal 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código Civil, da Lei de axuizamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, introduciu precisamente dentro do título XII do libro IV do Código Civil, dedicado ós contratos aleatorios, unha regulación sucinta dos alimentos convencionais (artigos 1791 a 1797) [79], isto é, da obriga alimenticia xurdida do pacto e non da lei, a diferencia dos alimentos entre parentes regulados polos artigos 142 e seguintes do dito corpo legal.

Con esta regulación *do contrato de alimentos*, ó igual que sucede no vitalicio galego, amplíanse as posibilidades que actualmente, e dentro do Estado español, ofrece o contrato de renda vitalicia para atender, en xeral, ás necesidades económicas das persoas con dependencia, como os anciáns, e singularmente neste caso das persoas con discapacidade [80], ademais de permitirlles ás partes que asinen o contrato cuantifica-la obriga do alimentante en función das necesidades vitais do alimentista.

Non obstante, dende o punto de vista estrictamente xurídico, este contrato de alimentos presenta tamén singulares diferencias respecto do seu homólogo galego, sobre todo en canto ó carácter asistencial e respecto das causas e efectos da extinción do contrato. Da mera lectura dos artigos desta lei estatal despréndense as distintas diferencias ó respecto, e é quizais a máis significativa a de que o vitalicio galego comporta, implicitamente, un carácter asistencial que vai máis alá do previsto no contrato de alimentos do Código Civil, pois aínda que no artigo 1791 se contempla a "asistencia de todo tipo a una persona durante su vida", na nosa terra o vitalicio correspóndese cunha asistencia propia que reúne atencións, coidados -case sempre dispensados na casa propia-, e incluso un certo grao de afectividade [81], caracteres que non se identifican *mutatis mutandi* cos agora regulados no Código Civil, o que vén, en definitiva, demostrar ó respecto a vixencia e aplicabilidade da LDCG na nosa comunidade, tendo en conta as peculiares características consubstanciais do contrato galego.

## 6.- A MODO DE CONCLUSIÓN

A presente LDCG supuxo a consagración lexislativa da configuración do dereito específico característico da cultura do noso pobo, conformando no seu conxunto un completo corpo xurídico civil propio, que se adentrou por vez primeira na regulación lexislativa dunha figura de indiscutible raizame histórica, longamente requirida, pero á vez dunha vida puxante, derivada dos dous eixes que mellor exemplifican a esencia do dereito civil galego: a necesaria relación entre o home e a terra, xunto coa non menos importante do home e a familia.

Razóns máis que suficientes para lembrar e valorar na súa xusta medida o pensamento e a achega de LOSADA DÍAZ, que no seu empeño por demostra-la total validez e aplicación das diversas institucións xurídicas empregadas dende lonxe e no día a día na nosa comunidade, contribuíu enerxicamente coa súa recoñecida demanda á axeitada regulación do vitalicio, ó xustificar con exemplaridade os grandes beneficios que este contrato podía proporcionarlle ó agro galego ós fins de loitar contra o minifundio, en conxunción coa necesidade de prestarlle-la debida atención e afecto ós anciáns sen herdeiros forzosos, que moitas das veces se ven na situación de ter que soluciona-lo problema da súa precaria convivencia debido á súa avanzada idade.

Estas mesmas argumentacións de peso que no seu momento levaron ó xurista a suxerir e defende-la constatación desta figura no seo dun texto legal propio, atópanse hoxe de plena actualidade e vixencia debido ó paulatino envellecemento da poboación galega, sobre todo campesiña, e ó abandono masivo do medio rural, factores claramente determinantes deste fenómeno. De feito, o desamparo, a soidade e este progresivo envellecemento da poboación non fan senón impulsa-la proliferación do vitalicio cando o titular duns bens ou dereitos se atopa sen fillos ou, téndoos, non se dedican ó coidado dos seus pais, razóns que nos levan novamente a xustifica-lo seu emprego no futuro.

A proba desta vitalidade témola na inevitable litixiosidade que a regulación galega do vitalicio leva consigo, o que xa se traduce na fixación de criterios xurisprudenciais polo máis alto tribunal autonómico, os cales contribúen non só a resolver pacificamente as controversias que se suscitan, senón tamén ó triunfo e consolidación na propia sociedade galega do vitalicio dentro do noso dereito civil.

Pero ademais das necesarias pautas marcadas polos nosos xuíces, é evidentemente a dialéctica establecida na vida da norma a que nos ofrece a mellor orientación en canto ás adaptacións de que debe ser obxecto aquela á hora de garanti-la súa aplicación e, sobre todo, a súa utilidade, a cal non debería verse minguada pola imposición dunha forte fiscalidade que lle faga perde-lo atractivo do seu uso por parte dos cidadáns.

Para rematar, e recapitulando sobre o dito, nas liñas precedentes pretendín demostra-la total validez e eficacia do vitalicio en Galicia, o seu recoñecemento xurisprudencial e finalmente lexislativo, así como o papel protagonista de AMANDO LOSADA no seu acollemento xurídico na nosa terra, e que tivo como mostra a homenaxe que as autoridades do II Congreso de dereito galego lle renderon ó nomea-la sección V cos seus propios apelidos [82], nun xesto que demostra a notoriedade da súa persoa e o calado das súas ideas e opinións dentro do mundo xurídico galego.

Non quixen tampouco perde-la oportunidade de deixar reflectido algunhas das posibles modificacións obxecto da esperada reforma legal, cun fundamento que debe ir encamiñado, en todo caso, a mellora-lo uso e o futuro da norma, co respecto ó espírito da institución e especialmente ás súas notas da función asistencial, a posible afectividade, a aleatoriedade, a onerosidade, o carácter meramente persoal e a autonomía da vontade modalizada pola necesaria protección dos alimentistas; características todas elas de presencia obrigada na figura do vitalicio, en tanto que a súa ausencia significaría finalmente a desnaturalización da súa propia razón de ser.

[1] RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D., *Sempre en Galiza*, 3ª ed., Akal Editor, Madrid, 1977, páxs. 126 a 129 -esta obra foi editada, dende 1944, data da primeira aparición, tres veces no idioma orixinal (en Bos Aires), unha en castelán (tamén en Bos Aires) e, parcialmente, en dúas ocasións, en París e en Lisboa; a edición que aquí se cita reproduce na súa totalidade a de Bos Aires de 1961, e pode entenderse como a completa e definitiva-. Como exemplo das súas opinións, CASTELAO afirmaba que "as variables condicións económicas d-un povo, no tempo e no espacio, moven tamén a sustancia xurídica que rixe as relacións sociais. E, pol-o tanto, a codificación do dereito privado d-un país debe basearse "n-un rexistro permanente dos feitos da liberdade". Este movimiento acúsase de modo extraordinario en Galiza, por ser un país de pequenos propietarios, diseminados en comarcas orográficas, climáticas ì económicas diferentes, con diversas necesidades e comenencias, en grupos que moitas veces defenden intreses contrapostos. Este feito produz un aumento constante das modalidades xurídicas e, ao mesmo tempo, unha tendencia â unificación de principios moraes, reguladores do dereito vivo" (páx. 127).

[2] RISCO, V., *Teoría do nacionalismo galego*, Imp. de La Región, Ourense, 1920; tamén publicado nunha edición homenaxe polo Centro Galego de Buenos Aires (Cincuentenario da fundación das Irmandades da Fala), 1966; e na edición crítica de BERAMENDI, J.G., Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2000.

[3] BRAÑAS, A., "El regionalismo gallego", *La Patria Gallega*, nº 1, 30-III, páxs. 1 a 3; "El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario", *Obras completas de Alfredo Brañas*, vol. II, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1999, páxs. 341 a 400. *Vid.*, igualmente, BERAMENDI, J.G., *Alfredo Brañas no rexionalismo galego*, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1998, sobre todo páxs. 27 a 38.

[4] Así, cando LETE DEL RÍO comenta o vitalicio, comeza citando e lembrando o dito por LOSADA DÍAZ na súa comunicación presentada no I Congreso de dereito galego, o que vén demostra-la influencia que este tivo na regulación final deste contrato dentro da Lei propia de dereito civil de Galicia (LETE DEL RÍO, J.M., "Capítulo XII. El vitalicio", *Manual de Derecho civil gallego*, Ed. Colex, Madrid, 1999, páx. 137; tamén en "Capítulo III. El vitalicio", *Comentarios al Código Civil y Compilaciones Forales, t. XXXII, vol. 1º, Artículos 1 a 99 de la Ley de Derecho Civil de Galicia*, ALBALADEJO, M. e DÍAZ ALABART, S. (dirs.), Edersa, Madrid, 1997, páx. 653).

[5] Dada a súa notable relevancia faise necesaria a transcrición literal da comunicación de AMANDO LOSADA no I Congreso de dereito Galego, que, baixo o título *El contrato de "O vitalizo"*, sinalaba o seguinte:

"Es frecuente en Galicia la existencia de contratos en los que los ancianos que carecen de herederos forzosos "asocien al cultivo de sus tierras -como dice Reino Caamaño- al que habrá de heredarle, concertando pactos que bautizan con el nombre de compraventa". Sin embargo, como es sabido, si se acude a esta figura de la compraventa es porque dentro del cuadro de los contratos que el Código regula no se encuentra ninguno que atienda adecuadamente a las específicas necesidades que este contrato cubre. Se pone así de relieve una vez más, que nuestro campesino para salvar los escollos del duro dogmatismo del Código Civil, acude a normas indirectas o fraudulentas de contratación, con los consiguientes riesgos que esta conducta entraña.

Por otra parte, este contrato que se ha denominado en el lenguaje del país "o vitalizo", tampoco es corriente formalizarlo directamente con esta denominación, a pesar de que ha sido estimado por la jurisprudencia del Tribunal Supremo (sentencia de 28 de mayo de 1965), como un contrato autónomo, ignominado y atípico, distinto del de renta vitalicia regulado en los arts. 1.802 al 1.808 del Código Civil. La razón de que no se acuda directamente a su formalización hay que hallarla especialmente en la dura y enérgica fiscalidad a que está sometido.

Sin embargo, este contrato de "o vitalizo" si se regula adecuadamente, puede prestar grandes beneficios al agro gallego y cooperará en cierto modo, con las demás instituciones que se proyectan, a los fines de luchar contra el minifundio, al atraer hacia la explotación agrícola a un solo titular, que es el que va a asumir las obligaciones derivadas del contrato, evitando así que estas herencias pasen a la sucesión intestada, con lo que se producirá una mayor multiplicación de los predios y además se desatendería, si no fuese admitido, una necesidad de los ancianos sin herederos forzosos de solventar su específico problema de convivencia en los últimos años de su vida.

Se trata, como es sabido, de un contrato que ha dado lugar a un gran número de litigios, porque al tener que usar esas formas indirectas de contratación (compraventa simulada con contrato privado complementario o sin él), es preciso acudir generalmente al Juzgado para conseguir sentencia que desenmascare la verdadera naturaleza del mismo.

De ahí la conveniencia de regular adecuadamente el contrato de "o vitalizo" como contrato autónomo, independiente del de renta vitalicia y con las características propias que exige su vigencia en el país, y conseguir además que sea tratado fiscalmente asimilándolo al de compraventa.

En ulteriores estudios que se realicen por los estudiosos de esta figura, se deberán recoger sus peculiaridades específicas en orden a la problemática que plantea. De momento, la Comisión estima que es una figura viva que está dentro del ámbito del derecho consuetudinario de Galicia y debe recogerse expresamente. Si no se incluyó en la vigente Compilación, no ha sido porque no tuviese arraigo, sino porque lo omitieron inexplicablemente los redactores del proyecto, confiados en la labor integradora y correctora de la Jurisprudencia, que todavía no ha configurado adecuadamente sus auténticos perfiles y conviene por ello regular expresamente su vigencia."

(O texto da comunicación está sacado do *Libro del I Congreso de Derecho Gallego*, que tivo lugar na Coruña, dos días 23 ó 28 de outubro de 1972, promovido polos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, e que foi editado pola Comisión executiva do dito Congreso, A Coruña, 1974, páxs. 511 a 514).

6 Aprobada por unanimidade polo Parlamento autonómico na sesión plenaria do día 20 de abril de 1995 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 265, do 16 de maio de 1995) e publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 107, do 6 de xuño de 1995.

7 No dereito comparado, como precedente, atopamo-la institución xurídica obxecto de comentario en Alemaña (*Altenheil*), Francia (*bail a nourriture*), Italia (*contratto oneroso di vitalizio alimentare o di mantenimento*) ou Suíza (*entretien viager*). No dereito alemán, o *Altenteil* consiste na concesión de habitación, manutención e diñeiro para os gastos correntes, a favor do labrador que cede a súa facenda. No dereito francés, o *bail a nourriture* baséase en que unha persoa recibe doutra un capital ou uns bens determinados, e a cambio queda obrigado a darlle aloxamento, manutención e sostemento durante toda a súa vida. No dereito italiano temos o contrato *vitalizio alimentare*, polo que unha das partes é obrigada a satisfacerlle á outra o necesario para cubri-las esixencias da vida dunha persoa. E no Código Federal suízo das obrigas de 1911, o *contrat d´entretien viager* é definido polo artigo 521 como "o contrato polo que unha das partes queda obrigada cara á outra a transmitirlle un patrimonio ou algúns bens a cambio da obriga de mantela e de coidala durante toda a súa vida".

En canto á bibliografía, podemos citar en Alemaña: ENNECCERUS-KIPP-WOLFF, *Derecho de obligaciones*, traducción e anotacións de PÉREZ GONZÁLEZ e ALGUER, 3ª ed., adaptada por FERRANDIS, t. II, vol. 2º, segunda parte, Barcelona, 1996, páx. 773; en Francia: COLIN y CAPITANT, *Curso elemental de Derecho civil*, anotado por DE BUEN, t. IV, Madrid, 1925, páx. 636; GHESTIN, *Traité de Droit civil. Les principaux contrats spéciaux*, París, 1996, páx. 602; GAVALDA, "¿Un renouveau du bail a nourriture?", *Revue Trim. De Droit civil*, 1953, páx. 637; en Italia: DELLA PIETRA, "In tema di rendita vitalizie e di vitalizio alimentare", *Rivista Diritto e Giurisprudenza*, 1962, páx. 337; MARINI, *Trattato di Diritto privato*, diretto da P. RESCIGNO, vol. 13, Torino, 1985, páx. 35, e *Codice civile*, a cura di P. RESCIGNO, Milano, 1992, páx. 2006; e en Suíza: ENGEL, *Contrats de Droit suisse*, Berne, 1992, páxs. 630 a 638.

8 Outras similitudes dentro do territorio español atopámolas, por exemplo, na "dación persoal", institución consuetudinaria do Alto Aragón, mencionada no artigo 33 da Compilación del Derecho Civil de Aragón (Lei 15/1967, do 8 de abril, modificada pola Lei 3/1985, do 21 de maio), pola que un célibe ou viúvo sen fillos ou outros descendentes asóciase con tódolos seus bens a unha casa ou familia, e obrígase a traballar na medida das súas aptitudes en beneficio desta, e institúea herdeiro universal ó fin dos seus días a cambio de ser mantido e asistido, san e enfermo, co necesario, así como vestido e calzado segundo a súa clase, e que, no momento do seu falecemento, se custeen o enterro, funeral, misas e sufraxios de costume na parroquia; ou na "pensión alimenticia" de Cataluña -allea ós censuais, violarios e vitalicios regulados no seu dereito escrito-, en virtude de tal contrato unha persoa obrígase a prestar alimentos no seu domicilio en compensación da cesión de bens, polo xeral inmobles, que lle fai o alimentado, durante a súa vida, coa particularidade de que se xorden desavinzas e vén a separación, os alimentos substitúense por unha pensión en efectivo.

9 *Cfr.* "Capítulo XII. El vitalicio", *cit.*, páx. 137, e no "Capítulo III. El vitalicio", *cit.*, páx. 653.

[10] *Vid.* Rodríguez Montero, R.P., “El Derecho civil de Galicia, la Ley de Derecho Civil de Galicia, y el futuro Derecho civil de Galicia: apuntes, ideas y sugerencias”, *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance de un lustro y análisis de su revisión*, Rodríguez Montero, R.P. (coord.), Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 2002, páxs. 9 a 35.

[11] En referencia á distinción do vitalicio coa renda vitalicia, xa a sentencia do 14 de novembro de 1908 afirmaba que non é contrato de renda vitalicia a venta de fincas coa estipulación de que o comprador tiña que manter na súa casa ó vendedor, tanto san como enfermo, para posteriormente dici-la sentencia do 16 de decembro de 1930 que tampouco era renda vitalicia o contrato cando aquela non consiste nunha cantidade fixa e determinada, senón que ten que variar segundo certas necesidades do rendista. Sen embargo, introducindo grandes elementos distorsionadores na figura, a sentencia do 1 de xullo de 1982 (RJ 1982, 4213) vén considerar que o contrato de vitalicio non é máis ca unha modalidade de renda vitalicia e que lle son aplicables tódalas disposicións destinadas a regulala (neste sentido, Quiñonero Cervantes, *La situación jurídica de renta vitalicia*, Murcia, 1979, páx. 73; Beltrán de Heredia, *La renta vitalicia*, Madrid, 1963, páxs. 128 e seguintes).

Segundo a sentencia do 6 de maio de 1980 (RJ 1980, 1785) o contrato de vitalicio diferénciase da doazón onerosa, coa que garda certa semellanza, no carácter aleatorio do primeiro e en que o alcance da doazón onerosa e a contía da contraprestación do cesionario depende da vida do alimentista. *Vid.*, sobre isto mesmo, Carrasco Perera, “Comentario á sentencia do 3 de novembro de 1988”, *Cuadernos Cívitas de Jurisprudencia Civil*, nº 477, 1988, páx. 987).

En canto á distinción coa doazón remuneratoria, a STSX de Navarra do 13 de outubro de 1992 (RJ 1992, 9427) di que resulta un tanto atípica, como remuneratoria, unha doazón efectuada, non en atención a uns méritos ou “servicios prestados ó doante” (artigo 619 do Código Civil), senón en consideración a unha asistencia posterior ó acto de liberalidade, e que se lles impón como obriga ós donatarios.

Sobre a doutrina e as diferencias do contrato de vitalicio con outras figuras, como a doazón ou a renda vitalicia, *vid.*, en particular, Rebolledo Varela, Á.L., “O contrato vitalicio na Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia”, *Dereito Civil de Galicia (Comentarios á Lei 4/1995 do 24 de maio)*, Barreiro Prado, J.J., Sánchez Tato, E.A. e Varela Castro, L. (coords.), Revista Xurídica Galega, 1992, páxs. 276 a 278.

[12] Respecto de sentencias anteriores á LDCG que fan referencia, directa ou indirecta, ó contrato de vitalicio, podemos citar como exemplo as seguintes sentencias do Tribunal Supremo: a do 14 de outubro de 1960 (RJ 1960, 3086), 29 de maio de 1957 (RJ 1957, 1979), 12 de novembro de 1973 (RJ 1973, 4164), 10 de xullo de 1979 (RJ 1979, 2949), 6 de maio de 1980 (RJ 1980, 1785), 13 de xullo de 1985 (RJ 1985, 4054), 30 de novembro de 1987 (RJ 1987, 8708), 3 de novembro de 1988 (RJ 1988, 8407), 9 de febreiro de 1990 (RJ 1990, 673), 21 de xullo de 1991 (RJ 1991, 5676), ou a do 8 de maio de 1992 (RJ 1992, 3891). Igualmente as resolucións da Dirección Xeral de Rexistros e do Notariado do 16 de outubro de 1989 (*Ar.* 7048) e do 26 de abril de 1991 (*Ar.* 3169).

[13] Segundo o artigo 1802 do Código Civil, “el contrato aleatorio de renta vitalicia obliga al deudor a pagar una pensión o rédito anual durante la vida de una o más personas determinadas por un capital en bienes muebles o inmuebles, cuyo dominio se le transfiere desde luego con la carga de la pensión”. Para un comentario a este precepto *vid.* Guilarte Zapatero, V., “Comentarios al artículo 1802”, *Comentarios al Código Civil y Compilaciones Forales*, Albaladejo, M. (dir.), t. XXII, vol. 1º, Madrid, 1982, páxs. 395 e seguintes.

[14] Tamén foi cualificado como “contrato de asistencia rural” (Delgado de Miguel, J.F., “Perfiles jurídicos de un contrato de asistencia rural: La cesión de bienes a cambio de alimentos”, *Libro Homenaje a Vallet de Goytisolo*, vol. V, Madrid, 1988, páx. 171). Sobre a denominación do contrato, *vid.* Calvo Antón, “El contrato de alimentos como figura contractual independiente”, *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, maio-xuño 1989, páxs. 639 a 642.

[15] Así, Rebolledo Varela, Á.L., “O contrato vitalicio na Lei 4/1995...”, cit., páxs. 276 e 277.

[16] *Revista Xurídica Galega* 1993, 155.

[17] *Vid.* as sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 2 de decembro de 1997 (RJ 1998, 8251), 5 de novembro de 1998 (RJ 1999, 1247), 15 de decembro de 2000 (RJ 2001, 4332), 17 de xaneiro de 2002 (RJ 2002, 6954) e 13 de marzo de 2002 (RJ 2002, 6973); ou as sentencias das Audiencias Provinciais da Coruña do 4 de abril de 2000 (ARP 2000, 1710), 9 de febreiro de 2001 (AC 2001, 442) e 21 de maio de 2001 (JUR 2001, 225813), Lugo do 4 de decembro de 1996 (AC 1996, 2266), 21 de outubro de 1998 (AC 1998, 8149), 14 de decembro de 2000 (JUR 2001, 65643), 11 de abril de 2002 (JUR 2002, 154382) e 16 de setembro de 2002 (AC 2002, 1922), Ourense do 10 de febreiro de 1996 (AC 1996, 224), 16 de abril de 2001 (JUR 2001, 172248) e 15 de outubro de 2002 (AC 2002, 1502), e Pontevedra do 4 de outubro de 1995 (AC 1995, 1932).

[18] Entre outras, *vid.* as sentencias do Tribunal Supremo do 17 de xullo de 1998 (RJ 1998, 6602), 28 de xullo de 1998 (RJ 1998, 6449), 18 de xaneiro de 2001 (RJ 2001, 1319), 27 de novembro de 2001 (RJ 2001, 9529), 9 de xullo de 2002 (RJ 2002, 5904), ou 1 de xullo de 2003 (*La Ley*, nº 5843, 5 de setembro de 2003); a sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña do 4 de outubro de 1999 (RJ 2000, 749); ou as sentencias das Audiencias Provinciais de Alicante do 4 de febreiro de 2000 (ARP 2000, 431) e 15 de xuño de 2001 (AC 2001, 2406), Asturias do 31 de maio de 2002 (JUR 2002, 193171), Badajoz do 18 de setembro de 2000 (AC 2000, 1875), 20 de setembro de 2001 (AC 2001, 1947) e 17 de xaneiro de 2002 (AC 2002, 1128), Baleares do 18 de maio de 1999 (AC 1999, 5811), 23 de xuño de 1999 (AC 1999, 7876), 12 de febreiro de 2001 (AC 2001, 1406) e 2 de maio de 2001 (JUR 2001, 211769), Barcelona de 3 de novembro de 1999 (ARP 1999, 4993), 10 de decembro de 1999 (AC 1999, 2539), 22 de marzo de 2002 (JUR 2002, 152166) e 5 de abril de 2002 (JUR 2002, 153394), Castellón do 15 de setembro de 1999 (AC 1999, 1853), Córdoba do 29 de marzo de 1995 (AC 1995, 419), Cuenca do 14 de xaneiro de 1997 (AC 1997, 31), Girona do 14 de marzo de 2002 (AC 2002, 886), Granada do 21 de febreiro de 2001 (JUR 2001, 126322), Huesca do 9 de marzo de 1995 (AC 1995, 420), Jaén do 12 de abril de 2000 (AC 2000, 3507) e 8 de outubro de 2002 (AC 2002, 2222), Las Palmas do 15 de xaneiro de 2001 (JUR 2001, 132099), Santa Cruz de Tenerife do 9 de setembro de 2002 (JUR 2002, 280438), Segovia do 24 de xuño de 1999 (AC 1999, 8847), Sevilla do 29 de abril de 2002 (AC 2002, 1432), Valencia do 26 de outubro de 1999 (AC 1999, 7757), e Zaragoza do 8 de xuño de 1999 (AC 1999, 1236).

[19] FUENMAYOR CHAMPÍN, A., "Derecho civil de Galicia", *Nueva Enciclopedia Jurídica Seix*, t. I, Barcelona, 1950, páx. 270.

[20] BELLO JANEIRO, D., "El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma gallega", *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance..., op. cit.*, páx. 45, precisa que a Compilación de 1963 non encaixaba co sistema xeral consagrado no Código Civil que prohibía expresamente o costume *contra legem* no seu entón vixente artigo 5.

[21] *Vid.* ARTIME PRIETO, "El pacto vitalicio o el *contractus vitalicius* en Galicia", *Foro Galego*, nº 144, 1969, páxs. 421 e seguintes.

[22] A relación dos distintos traballos que conformaron o II Congreso de dereito galego, así como as súas conclusións, recóllense na revista *Foro Galego*, nº 182, 1986, páxs. 61 a 80, e aínda que nesta se adianta a publicación do libro do congreso (páx. 7) finalmente este non viu a luz.

[23] Traballo publicado en *Foro Galego*, nº 181, 1985, en especial páxs. 76 e 77, no que LORENZO FILGUEIRA, V., ademais de comenta-lo contrato de vitalicio, referiuse á compañía familiar galega e ás particularidades do dereito sucesorio foral galego.

[24] O temario desta sección era: "El Derecho agrario gallego: su proyección en sus diversas dimensiones. Especialmente Arrendamientos Rústicos, Aguas, Montes e Instituciones peculiares en general".

[25] A supresión na Lei de 1987 do adxectivo "especial" que figuraba na Compilación de 1963 vén respostar á manifesta vontade, con nitidez autonomista, de evidencia-lo seu carácter propio, común, independente, *per se* substan-

tivo e non apendicular dun dereito xeral ou común, isto é, segundo se especifica na exposición de motivos da Lei de 1987, "un corpo xurídico civil propio, autonomista e parlamentariamente establecido".

[26] En canto á composición e ás distintas situacións vividas por esta comisión, *vid.* LORENZO MERINO, F.J., *El Derecho civil de Galicia y la propuesta de Compilación del 22 de marzo de 1991*, Santiago de Compostela, 1992, páxs. 7 a 10.

[27] LETE DEL RÍO, J.M., "Capítulo XII. El vitalicio", cit., páx. 137.

[28] Ó respecto, véxase a xurisprudencia relacionada na nota 18.

[29] A regulación actual do contrato de vitalicio no capítulo III (*O vitalicio*) do título V (*Contratos*) da LDCG é a seguinte:

"Artigo 95

1. Polo contrato de vitalicio unha ou varias persoas obríganse, verbo doutra ou outras, a prestar alimentos na extensión, amplitude e termos que conveñan en troques da cesión ou entrega de bens polo alimentista.

2. En todo caso, a prestación alimenticia abranguerá o sustento, a habitación, a vestimenta e a asistencia médica do alimentista, así como as axudas e os coidados, mesmo os afectivos, axeitados ás circunstancias das partes.

Artigo 96

1. As normas deste capítulo serán aplicables calquera que fose a cualificación xurídica que as partes lle atribuísen ó contrato.

2. Este contrato formalizarase en documento público.

Artigo 97

A obriga de prestar alimentos subsistirá ata o falecemento do alimentista, agás que se acorde outra cousa, e será transmisible ós herdeiros ou legatarios do obrigado a satisfacelos.

Artigo 98

1. A instancia do cesionario, o contrato poderase resolver en calquera tempo, logo de notificación con seis meses de antelación.

2. Cando, segundo o disposto no número anterior, se resolva o contrato, o cesionario terá dereito á metade das ganancias obtidas co seu traballo.

Artigo 99

O alimentista poderá rescindi-lo contrato nos seguintes casos:

a) Conducta gravemente inxuriosa ou vexatoria do obrigado a prestar alimentos.

b) Incumprimento total ou parcial da prestación alimenticia, sempre que non sexa imputable ó seu preceptor.

c) Cando o cesionario non coidase ou non atendese no necesario ó cedente, segundo a posición social e económica das partes e en todo canto faga posible o capital cedido, na procura do mantemento da súa calidade de vida.

d) Polo non cumprimento do demais pactado.

2. Nos casos ós que se refiren os apartados do número anterior, a rescisión levará consigo, en defecto de pacto contrario, a obriga de indemniza-los gastos ocasionados, que poderán ser obxecto de compensación total ou parcial cos froitos percibidos dos bens obxecto de cesión. En todo caso, e a falta de acordo entre as partes, haberá que aterse ó que determine a correspondente resolución xudicial."

[30] De acordo con LORENZO MERINO, F.J. ("Contratos: Arrendamientos rústicos. Aparcería. Vitalicio", *Derecho Civil Gallego*, REBOLLEDO VARELA, Á.L., RODRÍGUEZ MONTERO, R.P. e LORENZO MERINO, F.J. (coords.), Consejo General del Poder Judicial e Xunta de Galicia, Madrid, 1996, páx. 214), esta obriga contraponse á entrega de bens ou capital, que lle corresponde ó alimentista.

[31] Neste sentido, FUENMAYOR CHAMPÍN, A., *Estudios de Derecho Civil*, t. I, Aranzadi, Navarra, 1992, p. 318, con cita en tal sentido de REINO CAAMAÑO, J., "El retracto legal y la libre contratación", *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, 1918, páxs. 274 e seguintes.

[32] A STS do 9 de xullo de 2002 (RJ 2002, 5904) engade, a continuación, que nunha relación como é a que nos ocupa, "por encima de lo establecido, de ámbito económico o patrimonial, incide el necesario ajuste de dos o más personas en carácter, costumbres o aficiones para lograr la convivencia, es decir, en lo que se denomina congeniar".

[33] Xunto coa definición do contrato de vitalicio manifestada pola xurisprudencia, a doutrina tamén achegou ó seu particular punto de vista sobre a cuestión, e así RODRÍGUEZ LÓPEZ, F. ("La cesión de bienes a cambio de alimentos: el contrato de vitalicio", *Libro Homenaje a Vallet..., op. cit.*, vol. III, páx. 726), considera que estamos ante "el contrato por el que una persona (cedente) transmite el dominio, otro derecho real o la facultad de simple goce y disfrute sobre determinados bienes, a otra (alimentante), a cambio de la obligación que ésta contrae, para con aquél o para con un tercero (alimentista), de prestarle de por vida, o por el tiempo que se fije, alimentos y asistencia en la extensión convenida, manteniéndolo en régimen de convivencia si así se hubiese pactado". Pola súa parte, GUILARTE ZAPATERO, V. ("Comentarios al artículo 1802", cit., páx. 397), defíneo como o "contrato en cuya virtud una de las partes, a cambio de la entrega de unos bienes determinados se obliga a prestar a la otra alimentos, con la extensión que se convenga, durante la vida de ésta". CHILLÓN PEÑALVER, S. (*El contrato de vitalicio: caracteres y contenido*, Madrid, 2000, páxs. 24 e 25), entende que "es aquel por el cual una o varias personas (alimentista o cedente) se obligan frente a otra u otras (alimentante o cesionario) a transmitir el dominio de un bien mueble o inmueble, u otro derecho real o incluso la facultad de goce o disfrute de un bien o derecho, a cambio de ser alimentado (generalmente *in natura*) y atendido o asistido con convivencia o sin ella, durante el tiempo que se pacte (generalmente la vida del alimentista) y con la extensión que asimismo se acuerde en la medida variable, según las necesidades del alimentista". Para MILLÁN SALAS, F. ("El contrato vitalicio", *Actualidad Civil*, nº 23, do 4 ó 10 de xuño de 2001, páx. 832), é "aquel contrato por el que una persona (cedente) transmite el dominio, un derecho real limitado (por ejemplo el usufructo) o la facultad de simple uso y disfrute de determinados bienes, a otra (cesionario) que se obliga a prestar alimentos al cedente o a una tercera persona (alimentista) durante la vida de esta última, salvo que se pacte un plazo menor".

[34] Igual cá renda vitalicia, como lembran as SSTS do 10 de xullo de 1979 (RJ 1979, 2949) e do 9 de febreiro de 1990 (RJ 1990, 673).

[35] O termo "aleas" é o utilizado na STS do 17 de xaneiro de 2002 (RJ 2002, 6954), mentres que na STS do 28 de xullo de 1998 (RJ 1998, 6449) se resalta a esencialidade desta característica, pois no suposto axuizado dise que os demandados coñecían "el carácter irreversible y la inminencia de la muerte" do alimentista, o cal eliminaría a aleatoriedade esencial do contrato de vitalicio, xustamente por coñecerse a seguridade e inminencia da morte.

[36] Así, DÍEZ PICAZO e GULLÓN BALLESTEROS, *Sistema de Derecho Civil*, vol. II, 7ª ed., Madrid, 1995, páx. 484.

[37] Como di REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995...", cit., páxs. 278 e 279, "a súa extinción determinará a obriga do pagamento da prestación de alimentos, o que significa que dependen do azar tanto o tempo da súa eficacia (durante a vida do pensionista ou alimentista -art. 97-) como o número de rendas a pagar ou a extensión ou contía das prestacións, que dependerán das cambiantes necesidades do cedente...".

[38] A STS do 18 de xaneiro de 2001 (RJ 2001, 1319) sostén "que fue la concurrencia de las declaraciones de voluntad que constituyeron, con el objeto y la causa, el contrato de vitalicio".

[39] Consideran a renda vitalicia e o vitalicio como contratos puramente consensuais e sinalagmáticos, entre outros, BADENAS CARPIO, *La renta vitalicia onerosa*, Pamplona, 1995, páx. 314; GOMA SALCEDO, "Principales problemas del contrato de renta vitalicia", *Revista de Derecho Notarial*, xullo-decembro 1960, páxs. 403 e seguintes.

[40] Isto permitiría considerar perfeccionado o contrato polo simple consentimento, sen que sexa necesaria a entrega inmediata de bens que pode quedar posposta a un momento posterior (REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995...", cit., páx. 280).

[41] A STSXG do 15 de decembro de 2000 (RJ 2001, 4332) aclara que cuestión distinta é se no contrato de vitalicio cabe designar, como beneficiario da pensión alimenticia pactada, un terceiro alleo á relación contractual, ou dito doutro modo, se no contrato de vitalicio caben as estipulacións a favor de terceiro. O relator (Ilmo. Sr. D. Juan Carlos Trillo Alonso) considera que ningún obstáculo ou prohibición se infire dos artigos 95 e 99 da LDCG para entender que no seo dun contrato de vitalicio se estipule como beneficiario da pensión alimenticia un terceiro, alleo á relación contractual, polo que se debe fixar como data final da obriga de prestar alimentos, e determinar así o seu carácter aleatorio, a de falecemento dese terceiro.

[42] Nesa liña, as SSTS do 14 de outubro de 1960 (RJ 1960, 3086) e 21 de outubro de 1992 (RJ 1992, 8592), e ó tomar como base os argumentos desta última ó respecto, a do 17 de xullo de 1998 (RJ 1998, 6602). Para un comentario á segunda das sentencias citadas, *vid.* COBACHO GÓMEZ, "Comentario a la Sentencia de 21 de octubre de 1992", *Cuadernos Cívitas de Jurisprudencia Civil*, 1992, páx. 944.

[43] Deste parecer, LETE DEL RÍO, J.M., "Capítulo XII. El vitalicio", cit., páx. 138, que o considera un contrato unilateral "porque una vez perfecto no produce más obligación que la de prestar alimentos el cesionario, sin imponerse obligación alguna a la otra parte", razoamento que non compartimos ó entender que o vitalicio é un contrato que produce obrigas bilaterais entre as partes contratantes.

[44] Entre outros, podemos citar a BELLO JANEIRO, D., *El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma Gallega: la Ley 4/1995, de 24 de mayo*, Editorial Montecorvo, S.A., Madrid, 1999, páx. 159; LORENZO MERINO, F.J., "Los contratos en el Derecho Civil de Galicia", *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance..., op. cit.*, páx. 94; REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995...", cit., páxs. 279 e 280; MILLÁN SALAS, F., "El contrato vitalicio", páx. 836.

[45] SSTS do 8 de maio de 1992 (RJ 1992, 3891) e 17 de xullo de 1998 (RJ 1998, 6602); SSTSXG do 2 de decembro de 1997 (RJ 1998, 8251), 5 de novembro de 1998 (RJ 1999, 1247), 11 de febreiro de 2000 (RJ 2000, 4238), ou a do 17 de xaneiro de 2002 (RJ 2002, 6954).

[46] A sentencia do 23 de febreiro de 1951 declara que non caracteriza o contrato oneroso a equivalencia e igualdade das prestacións ou promesas contrapostas, "que si hubiera de concurrir en todo contrato sería contraria al fundamental principio que preceptivamente establece el artículo 1255 del Código civil". Non obstante, LETE DEL RÍO, J.M., "Capítulo III. El vitalicio", cit., páx. 657, afirma acertadamente que "dado el carácter oneroso, el constituyente viene obligado al saneamiento de los bienes entregados por evicción y vicios ocultos".

[47] Na STS do 26 de maio de 1997 (RJ 1997, 4234) estímase a inexistencia de causa onerosa nun contrato de vitalicio no que o beneficiario tiña unha idade de 91 anos, padecía unha afección crónica mental e era cualificado de enfermo senil. Pola súa parte, na STSXG do 15 de decembro de 2000 (RJ 2001, 4332) as escasas probabilidades de prolongación da vida do alimentista ó tempo de formaliza-lo contrato (faleceu ós 82 anos de idade) impiden apreciar causa onerosa ou aleatoriedade, "siendo de significar, en los referidos parámetros de la razonabilidad y de la lógica, que no había por que exigir a la demandante y hoy aquí recurrente más pruebas sobre el estado de enfermedad de su padre en cuanto la facilitada era suficiente para la viabilidad con éxito de su pretensión".

[48] Así, GOMA SALCEDO, "Principales problemas...", cit., páx. 333. No mesmo sentido manifféstase a STS do 6 de maio de 1980 (RJ 1980, 1785), onde, no contexto dun contrato de vitalicio, declárase que non se defraudan os dereitos lexitimarios das fillas dos cedentes xa que o pai da recorrente tivo que outorga-lo contrato para obter un domicilio e as atencións necesarias para os derradeiros anos da súa vida, domiclio e atencións que as súas fillas non lle prestaron. Sobre o contrato de vitalicio e a posible vulneración das lexítimas, *vid.* REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995...", cit., páxs. 303 a 307.

[49] En termos semellantes, MILLÁN SALAS, F., "El contrato vitalicio", cit., páx. 836, e LETE DEL RÍO, J.M., "Capítulo III. El vitalicio", cit., páx. 657.

[50] Neste sentido manifféstase DELGADO DE MIGUEL, J.F., "Perfiles jurídicos...", cit., páxs. 176 e 177, cando afirma que "si bien es cierto que el carácter *intuitu personae* influye decisivamente a la hora de escoger la persona que realice los deberes de asistencia pactados, no es menos importante para éste ya no sólo las características personales de aquel con quien ha de convivir en el futuro o prestarle su ayuda personal sino también el tiempo de duración del mismo". Ó respecto, *vid.*, tamén, AZURZA HOSCOS, "Renta vitalicia resoluble (estudio de su posibilidad)", *Revista de Derecho Patrimonial*, 1949, páx. 1059.

[51] REBOLLEDO VARELA, Á.L., " O contrato vitalicio na Lei 4/1995...", cit., páxs. 281 e 282.

[52] O que ata a aprobación da LDCG, e en réxime de Código Civil, era xeralmente incluído dentro do ámbito das doazóns remuneratorias (SSTS do 23 de maio de 1987 (RJ 1987, 3557) e do 2 de abril de 1990 (RJ 1990, 2682)).

[53] Sobre as posibles interpretacións a que pode dar lugar o artigo 96.2 da LDCG, *vid.* REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995...", cit., páxs. 287 a 289.

[54] Cfr. "Los contratos en el Derecho Civil de Galicia", cit., páx. 95.

[55] En sentido contrario, LETE DEL RÍO, J.M., "Capítulo III. El vitalicio", cit., páxs. 672 a 674, considera que esta cuestión "debe resolverse a la luz de la categórica expresión legal "se formalizará", y que evidentemente no es una indicación, sino una exigencia; es decir, con evidente carácter imperativo se exige la escritura pública con el fin de crear un título que permita proscribir, en la medida de lo posible, toda incertidumbre". Tamén CARPIO GONZÁLEZ, "Ley de Derecho Civil de Galicia. Estudio de la reforma", *Bol. Inform. Ilustre Colegio Notarial de Granada*, nº 177, octubre 1995, páx. 2712, entende que polo termo *formalizarase* "se puede considerar una foma de ser, dado el tecnicismo en cuanto a la transmisión y extinción".

[56] Así, as SSTS do 28 de maio de 1965 (RJ 1965, 3172) e do 2 de xullo de 1992 (RJ 1992, 6502) xa admitiron a validez do pacto de revogación unilateral a favor do alimentista, sen máis consecuencias que a de paga-lo estipulado para tal eventualidade, polo xeral en réxime de convivencia e, en todo caso, con coidados e atencións persoais e ante as posibles friccións que a dificulten e o réxime convido.

[57] Entre outros, LETE DEL RÍO, J.M. ("Capítulo III. El vitalicio", cit., páxs. 680 e 681) e MILLÁN SALAS, F. ("El contrato vitalicio", cit., páxs. 847 e 848) consideran que a desistencia unilateral é posible tanto por parte do alimentista como por parte do cesionario, aínda que a lei non o conceda ou o contrato non o prevexa.

[58] De acordo con LORENZO MERINO, F.J., "Los contratos en el Derecho Civil de Galicia", cit., páx. 95, esta concesión implica unha clara desigualdade porque deixa a efectividade do contrato a mans da parte presumiblemente máis forte, mentres que vincula de modo definitivo ó alimentista. Deste xeito, a primeira reduce ó seu interese a dimensión aleatoria do negocio e a segunda vea incrementada no seu prexuízo.

[59] Segundo a xurisprudencia, característica do vitalicio é que a súa facultade resolutoria depende da vontade do alimentista dentro da regra da boa fe. De acordo con LORENZO MERINO, F.J. ("Contratos: arrendamientos rústicos...", cit., páx. 215), era, polo tanto, válida a cláusula -que acompañaba ó acto de cesión de bens- que establecese que en calquera momento no que quixera o alimentista readquiri-la finca podía facelo, coa obriga de aboa-los gastos, os dereitos reais, a manutención, etc.

[60] Aínda que o artigo 99 da LDCG fala da posibilidade de *rescindi-lo* contrato, ó meu ver, estamos ante un claro suposto de resolución, tanto por tratarse de obrigas recíprocas como polo feito de que os casos que o precepto cita constitúen supostos de puro incumprimento contractual, ademais de ser propias da resolución as consecuencias

que se sinalan, ó incluí-la restitución das prestacións (por todos, REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995...", cit., páx. 296, nota 51).

61 *Vid.* a Resolución do 16 de outubro de 1989 (RJ 1989, 7048) que revoga a decisión do rexistrador denegando a inscrición.

62 O artigo 99 da LDCG configúrase como unha proxección do artigo 1124 do Código Civil adaptada ás circunstancias do vitalicio.

63 *Vid.*, por exemplo, SAP de Navarra do 7 de marzo de 1992 (*Aranzadi Civil* 489) ou a SAP de Girona do 21 de abril de 1995 (AC 1995, 1320).

64 Na STS de 1 de xullo de 2003 (*La Ley*, nº 5843, do 5 de setembro de 2003), aínda que o contrato de vitalicio de que se trata no caso, de naturaleza sinalagmática -cesión de bens a cambio da prestación alimenticia de por vida a favor de cedentes que se vai levar a cabo no domicilio dos cesionarios-, está sometido a condición resolutoria -está suxeito a transmisión ó cumprimento da obriga de alimentos contraída-, non se advirte incumprimento da prestación imputable ós alimentistas, que manteñen a súa vontade de observa-las obrigas ó seu cargo; polo contrario, é a actora quen vulnera o desenvolvemento da convivencia alimenticia pactada ó manter unha "conducta obstativa a la efectividad de la misma" -abandona voluntariamente o domicilio dos alimentantes-, polo que decae a petición concerninte á resolución contractual, xa que é evidente que, nas mesmas circunstancias, non é posible a permanencia do sistema alimenticio convido nos estrictos termos pactados (cfr. STS do 9 de xullo de 2002).
Tamén poden verse para os efectos, a STSXG do 5 de novembro de 1998 (RJ 1999, 1247), sobre un suposto de incumprimento grave do alimentista, ou, polo que se refire a decisións das Audiencias Provinciais, *vid.*, entre outras, as sentencias de Pontevedra do 4 de outubro de 1995 (AC 1995, 1932), resolución por falta de atención e axuda polos cesionarios cos seus cedentes e inexistencia dunha vontade de cumprir coa súa parte do contrato nin persoal nin materialmente; Ourense do 10 de febreiro de 1996 (AC 1996, 224), por incumprimento das obrigas polo cesionario en canto á falta de asistencia e coidado á cedente nas condicións pactadas; Lugo do 14 de decembro de 2000 (JUR 2001, 65643), na que non se puido chegar á conclusión unívoca de que o incumprimento das obrigas o fora exclusivamente por ningún dos partícipes no contrato "sino que mas bien se fue produciendo un deterioro paulatino de la afección, que es requisito imprescindible para alcanzar una convivencia cuasi-familiar".

65 SAP Ourense nº 144/2001 (Sección 2ª), de 16 de abril (JUR 2001, 172248).

66 Se ben a restitución de froitos e prestacións de alimentos admite pacto en contrario, non é infrecuente que o pacto expreso de resolución por incumprimento vaia acompañado doutro perfectamente válido (STS do 2 de xullo de 1992 (RJ 1992, 6502); *vid.*, en contra, BADENAS CARPIO, *La renta vitalicia onerosa, op. cit.*, páx. 262) polo que, nun suposto deste tipo, o cesionario nada poida reclamar pola prestación de alimentos e coidados xa realizada, e se ademais se convén a devolución dos froitos percibidos polo cesionario, considérase iso como cláusula penal por incumprimento coa conseguinte facultade moderadora polos tribunais (REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995..., cit., páx. 303 e notas 75 e 76; DÍEZ PICAZO e GULLÓN BALLESTEROS, *Sistema de Derecho Civil..., op. cit.*, páx. 487).

67 Ó abeiro do Decreto do 8 de abril de 1999 e co fin de contribuír ó cumprimento do disposto na disposición adicional 2ª da LDCG, o 13 de setembro de 1999 tivo lugar a sesión de constitución formal da Comisión Superior para o Estudio do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego, baixo a presidencia do Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

En virtude do acordado na sesión do 15 de decembro de 1999 da Comisión, o conselleiro, que por aquel entón era o Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, encargoulle a unha comisión a elaboración dun texto sobre a LDCG. Integraron a citada comisión: GARCÍA-BOENTE SÁNCHEZ, G., REBOLLEDO VARELA, Á.L., LORENZO MERINO, F.J., e PÉREZ ÁLVAREZ, M.Á. Partindo deste encargo constituíuse un grupo de traballo do que formaron parte, ademais dos membros da comisión, os membros da respectiva "Comisión do Colexio Notarial da Coruña para o Estudio do Dereito Civil de Galicia": ESPINOSA DE SOTO, J.L., ORDÓÑEZ ARMÁN, M., MÉNDEZ APENELA, E., e LOIS PUENTE, J.M.

68 Os borradores iniciais de traballo concluíronse seis meses despois da sesión do 15 de decembro de 1999 da Comisión Superior para o Estudio do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego e durante o mes de xuño do ano 2000 fíxoselle entrega deles ó conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Dende o mes de setembro do ano 2000 ata marzo de 2001, a comisión realizou trinta e dúas sesións de traballo co fin de estudiar cada un dos borradores que elaborara e de articula-lo texto resultante da coordinación destes. O mes de abril de 2001 a comisión conclúe unha primeira versión completa do traballo, da que se lle fai entrega ó citado conselleiro.

69 O borrador da proposta de reforma da LDCG da COMISIÓN SUPERIOR PARA O ESTUDIO DO DESENVOLVEMENTO DO DEREITO CIVIL GALEGO atopámolo no *Libro-Homenaje a Ildefonso Sánchez Mera*, promovido polo Colexio Notarial da Coruña e publicado polos Colegios Notariales de España, D.L., Madrid, 2002, e recollido tamén no "Documento inicial para a posible actualización da Lei de dereito civil de Galicia", *Revista Xurídica Galega*, nº 35, 2002, 2º trimestre, páxs. 347 a 404.

70 O texto dos artigos propostos pola comisión, no seu primeiro borrador, para regula-lo vitalicio dentro da futura nova LDCG é o seguinte:

"**Art. 147.** Polo contrato de vitalicio unha ou varias persoas obríganse respecto doutra, ou doutras, a prestar alimentos, nos termos que conveñan, a cambio da cesión de determinados bens ou dereitos.

**Art. 148.** 1. A prestación alimenticia deberá comprende-lo sustento, a habitación, o vestido, a asistencia médica, así como as axudas e coidados, incluso os afectivos, axeitados ás circunstancias das partes.

2. Salvo que no título constitutivo se fixese consta-lo contrario, nos casos de pluralidade de obrigados, a prestación alimenticia terá carácter solidario. Tamén poderá pactarse que os obrigados cumpran a prestación alimenticia de modo conxunto e indivisible.

**Art. 149.** 1. O vitalicio poderá constituírse a favor do cedente dos bens ou dun terceiro.

2. Será válido o vitalicio entre ascendentes e descendentes, sen prexuízo da obriga de alimentos establecida pola lei.

3. En ningún caso poderá constituirse o vitalicio contemplando a vida dun terceiro que non sexa o alimentista ou alimentistas.

**Art. 150.** Para que teña efectos fronte a terceiros, o contrato de vitalicio deberá formalizarse en escritura pública.

**Art. 151.** A obriga de prestar alimentos durará ata o falecemento do alimentista e transmitiráse-lles, salvo pacto en contrario, ós sucesores do obrigado a prestalos.

**Art. 152.** 1. O cesionario poderá desistir do contrato en calquera tempo, trala notificación fidedigna ó cedente con seis meses de antelación.

2. O cesionario que queira desistir deberá proceder á restitución dos bens e dereitos recibidos en virtude do contrato, así como os seus froitos, sen máis cargas ou gravames cós preexistentes á cesión.

**Art. 153.** 1. O cedente poderá resolve-lo contrato se concorrese algunha das circunstancias seguintes:

1ª. Conducta gravemente inxuriosa ou aldraxante do obrigado a prestar alimentos ou do seu cónxuxe respecto do alimentista.

2ª. Incumprimento total ou parcial da prestación alimenticia, ou dos termos en que foi pactada, sempre que non sexa imputable ó seu preceptor.

3ª. Cando, segundo a posición social e económica das partes, o cesionario non coide ou non atenda no necesario ó alimentista en todo canto faga posible o capital cedido na busca do mantemento da súa calidade de vida.

2. A acción de resolución poderá ser exercitada por calquera dos cedentes respecto dos bens cedidos.

3. Se a cesión se fixo conxuntamente por marido e muller a resolución instada polo cónxuxe sobrevivente traerá consigo a ineficacia total do contrato.

**Art. 154.** A acción de resolución só se lles transmitirá ós herdeiros do cedente nos casos en que o alimentista fose un terceiro e só poderá ser exercitada en vida deste.

**Art. 155.** Se en virtude de pacto a prestación alimenticia tivese que realizarse de maneira conxunta e indivisible polos cesionarios, o cedente poderá resolve-lo contrato cando algunha das circunstancias expresadas no artigo 153.1 fose referible a calquera daqueles. Tamén será causa de resolución o desistimento dalgún dos obrigados a presta-la débeda alimenticia de maneira conxunta e indivisible.

**Art. 156.** Nos casos de resolución, o cedente recuperará os bens e dereitos cedidos, quedando sen efecto os alleamentos e gravames que o cesionario fixese coa limitación establecida, en canto a terceiros, pola lexislación hipotecaria."

[71] Os compoñentes da sección V, "PEDRO GONZÁLEZ LÓPEZ", do III Congreso de dereito galego responsables de elabora-lo relatorio titulado "Obrigacións e contratos", dentro do seu temario atopamos o tema III titulado "El contrato de vitalicio", eran NOGUEIRA ROMERO, S., LIAÑO FLORES, J.M., LORENZO MERINO, F.J. e PEÓN RAMA, V. (os outros dous temas incluídos no relatorio foron: I.- "Arrendamiento rústico ordinario en el Derecho civil gallego" e II.- "Proposición de reforma de la Ley 3/1993, de 16 de abril, de las aparcerías y de los arrendamientos rústicos históricos de Galicia").

[72] BELLO JANEIRO, D., *El ejercicio de la competencia en materia civil..., op. cit.*, páxs. 155 e seguintes, que opina que "la concreta normativa definitivamente aprobada resulta altamente pintoresca y carente del mínimo cuidado, desde un punto de vista técnico-jurídico, al menos en cuanto a la terminología empleada". O autor xustifica a súa opinión polo mal uso dos termos á hora de cualifica-los suxeitos da relación contractual, e así di que "mientras que en el artículo 95,..., se alude al *alimentista* como la parte contractual obligada a la cesión o entrega de bienes, lo que se reitera en el artículo 97, sin embargo, a continuación, en el artículo 98, se hace mención del *cesionario*, que, a lo que parece, es el otro contratante, el que está obligado a prestar alimentos, apareciendo en el último de los preceptos del Capítulo, el artículo 99, la nueva denominación de *cedente* para aludir al que anteriormente se denominó alimentista, quien cede o entrega los bienes...".

[73] Como se resaltou no relatorio presentado no III congreso, a idea de asistencia non implica un presuposto de situación de necesidade no alimentista (nota diferencial coa obriga legal de alimentos), a esencia do contrato radica en que o cedente dispón de bens cos que satisface-las súas necesidades e optou por asignar este contrato para tal fin, coa modalización que a idea de incerteza sobre a contía destas necesidades e sobre a duración da súa vida introduce sobre o que sería un puro contrato conmutativo.

[74] O relatorio presentado sobre o contrato de vitalicio ó III Congreso de dereito galego dedicou boa parte da súa intervención a comenta-la necesaria modificación do artigo 97 da LDCG e os problemas interpretativos que a súa actual regulación presenta. Este texto poderase consultar na revista *Foro Galego*, nun número monográfico sobre o evento que sairá publicado ó longo do ano 2004.

[75] O artigo 1257 do Código Civil recolle a regra xeral respecto do segundo aspecto contemplado no artigo 97 da LDCG.

[76] A interpretación desta parte do artigo 97 da LDCG pode ter varias lecturas, como sinalaron os relatores: "Así, en una primera aproximación, puede entenderse que se trata de asimilar la obligación a un gravamen real del bien cedido o de configurarla como una obligación *propter rem*, o estimarse que se trata de fijar por ley un gravamen que afecte a los legatarios y no sólo a los herederos, o considerarse que se limita el legislador a recordar que no sólo los herederos sino también los legatarios pueden, por voluntad del cesionario causante, quedar sujetos a la obligación".

[77] Tódalas modificacións reflexionadas no III Congreso de dereito galego sobre o texto do actual artigo 97 da LDCG xa foran adoitadas pola comisión no artigo 151 proposto para os efectos (véxase a nota 70).

[78] *Boletín Oficial del Estado* nº 277, do 19 de novembro de 2003.

[79] O artigo 12 da Lei 41/2003, do 18 de novembro, outórgalles nova redacción ós artigos 1791 a 1797 do Código Civil, que quedarán redactados nos seguintes termos:

"Artículo 1791.

Por el contrato de alimentos una de las partes se obliga a proporcionar vivienda, manutención y asistencia de todo tipo a una persona durante su vida, a cambio de la transmisión de un capital en cualquier clase de bienes y derechos.

Artículo 1792.

De producirse la muerte del obligado a prestar los alimentos o de concurrir cualquier circunstancia grave que impida la pacífica convivencia de las partes, cualquiera de ellas podrá pedir que la prestación de alimentos convenida se pague mediante la pensión actualizable a satisfacer por plazos anticipados que para esos eventos hubiere sido prevista en el contrato o, de no haber sido prevista, mediante la que se fije judicialmente.

Artículo 1793.

La extensión y calidad de la prestación de alimentos serán las que resulten del contrato y, a falta de pacto en contrario, no dependerá de las vicisitudes del caudal y necesidades del obligado ni de las del caudal de quien los recibe.

Artículo 1794.

La obligación de dar alimentos no cesará por las causas a que se refiere el artículo 152, salvo la prevista en su apartado primero.

Artículo 1795.

El incumplimiento de la obligación de alimentos dará derecho al alimentista sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 1792, para optar entre exigir el cumplimiento, incluyendo el abono de los devengados con anterioridad a la demanda, o la resolución del contrato, con aplicación, en ambos casos, de las reglas generales de las obligaciones recíprocas.

En caso de que el alimentista opte por la resolución, el deudor de los alimentos deberá restituir inmediatamente los bienes que recibió por el contrato, y, en cambio, el juez podrá, en atención a las circunstancias, acordar que la restitución que, con respecto de lo que dispone el artículo siguiente, corresponda al alimentista quede total o parcialmente aplazada, en su beneficio, por el tiempo y con las garantías que se determinen.

Artículo 1796.

De las consecuencias de la resolución del contrato, habrá de resultar para el alimentista, cuando menos, un superávit suficiente para constituir, de nuevo, una pensión análoga por el tiempo que le quede de vida.

Artículo 1797.

Cuando los bienes o derechos que se transmitan a cambio de los alimentos sean registrables, podrá garantizarse frente a terceros el derecho del alimentista con el pacto inscrito en el que se dé a la falta de pago el carácter de condición resolutoria explícita, además de mediante el derecho de hipoteca regulado en el artículo 157 de la Ley Hipotecaria."

80 A súa utilidade resulta especialmente patente, como di a propia exposición de motivos da Lei 41/2003, no caso de que sexan os pais dunha persoa con discapacidade os que transmitan ó alimentante o capital en bens mobles ou inmobles en beneficio do seu fillo con discapacidade, a través dunha estipulación a favor de terceiro do artigo 1257 do Código Civil.

81 *Vid.* a comentada definición e caracteres propios do vitalicio galego da SAP de Ourense do 4 de maio de 1993.

82 A Sección V, "Losada Díaz", do II Congreso de dereito galego, tivo como temario o seguinte: "La Unión Iberoamericana de Abogados. Evocación del V Centenario del Descubrimiento. Pactos de cooperación de las Regiones fronterizas. Concordancias jurídicas o consuetudinarias Astur-Galaicas. Temas libres".

## 7.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

AA.VV., *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance de un lustro y análisis de su revisión*, RODRÍGUEZ MONTERO, R.P. (coord.), Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 2002.

ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN e ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS DE GALICIA, *Libro del I Congreso de Derecho Gallego,* que tivo lugar na Coruña, dos días 23 ó 28 de outubro de 1972, editado pola Comisión executiva do dito Congreso, A Coruña, 1974.

-"II Congreso de Derecho Gallego", Foro Galego, nº 182 (número monográfico sobre o II Congreso de dereito galego, que tivo lugar na Coruña, do 25 ó 29 de xuño de 1985), A Coruña, 1986.

-"III Congreso de Dereito Galego", relatorios, comunicacións e documentación entregada durante a realización do III Congreso de dereito galego, A Coruña, do 27 ó 29 de novembro de 2002.

ARTIME PRIETO, "El pacto vitalicio o el *contractus vitalicius* en Galicia", *Foro Galego,* nº 144, 1969, páxs. 421 e seguintes.

AZURZA HOSCOS, "Renta vitalicia resoluble (estudio de su posibilidad)", *Revista de Derecho Patrimonial*, 1949, páx. 1059.

BADENAS CARPIO, *La renta vitalicia onerosa,* Pamplona, 1995.

BELTRÁN DE HEREDIA, La renta vitalicia, Madrid, 1963.

BELLO JANEIRO, D., *El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma Gallega: la Ley 4/1995, de 24 de mayo*, Editorial Montecorvo, S.A., Madrid, 1999.

-"El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma gallega", *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance..., op. cit.*, páxs. 37 a 60.

BERAMENDI, J.G., *Alfredo Brañas no rexionalismo galego,* Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1998.

BRAÑAS, A., "El regionalismo gallego", *La Patria Gallega*, nº 1, 30-III, páxs. 1 a 3.

-"El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario", *Obras completas de Alfre-*

*do Brañas*, vol. II, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1999, páxs. 341 a 400.

CALVO ANTÓN, "El contrato de alimentos como figura contractual independiente", *Revista General de Legislación y Jurisprudencia,* maio-xuño 1989, páxs. 639 a 642.

CARPIO GONZÁLEZ, "Ley de Derecho Civil de Galicia. Estudio de la reforma", *Bol. Inform. Ilustre Colegio Notarial de Granada,* nº 177, outubro 1995, páx. 2712.

CARRASCO PERERA, "Comentario á sentencia do 3 de novembro de 1988", *Cuadernos Cívitas de Jurisprudencia Civil,* nº 477, 1988, páx. 987.

COBACHO GÓMEZ, "Comentario a la Sentencia de 21 de octubre de 1992", *Cuadernos Cívitas de Jurisprudencia Civil,* 1992, páx. 944.

COLEXIO NOTARIAL DA CORUÑA, *Libro-Homenaje a Ildefonso Sánchez Mera,* Colegios Notariales de España, D.L., Madrid, 2002.

COLIN y CAPITANT, *Curso elemental de Derecho civil,* anotado por DE BUEN, t. IV, Madrid, 1925.

COMISIÓN SUPERIOR PARA O ESTUDIO DO DESENVOLVEMENTO DO DEREITO CIVIL GALEGO, "Borrador de Propuesta de Reforma de la Ley de Derecho Civil de Galicia", *Libro-Homenaje a Ildefonso Sánchez Mera,* promovido polo Colexio Notarial da Coruña e editado polos Colegios Notariales de España, D.L., Madrid, 2002.

-"Documento inicial para a posible actualización da Lei de dereito civil de Galicia", *Revista Xurídica Galega,* nº 35, 2002, 2ª trimestre, páxs. 347 a 404.

CHILLÓN PEÑALVER, S., *El contrato de vitalicio: caracteres y contenido,* Madrid, 2000.

DELGADO DE MIGUEL, J.F., "Perfiles jurídicos de un contrato de asistencia rural: La cesión de bienes a cambio de alimentos", *Libro Homenaje a Vallet de Goytisolo,* vol. V, Madrid, 1988, páxs. 171 e seguintes.

DELLA PIETRA, "In tema di rendita vitalizie e di vitalizio alimentare", *Rivista Diritto e Giurisprudenza,* 1962, páx. 337.

DÍEZ PICAZO e GULLÓN BALLESTEROS, *Sistema de Derecho Civil,* vol. II, 7ª ed., Madrid, 1995.

ENGEL, *Contrats de Droit suisse*, Berne, 1992.

ENNECCERUS-KIPP-WOLFF, *Derecho de obligaciones*, traducción e anotacións de PÉREZ GONZÁLEZ e ALGUER, 3ª ed., adaptada por FERRANDIS, t. II, vol. 2º, segunda parte, Barcelona, 1996.

FUENMAYOR CHAMPÍN, A., "Derecho civil de Galicia", *Nueva Enciclopedia Jurídica Seix*, t. I, Barcelona, 1950, páxs. 270 e seguintes.

-*Estudios de Derecho Civil*, t. I, Aranzadi, Navarra, 1992.

GAVALDA, "¿Un renouveau du bail a nourriture?", *Revue Trim. De Droit civil*, 1953, páx. 637.

GHESTIN, *Traité de Droit civil. Les principaux contrats spéciaux*, París, 1996.

GOMA SALCEDO, "Principales problemas del contrato de renta vitalicia", *Revista de Derecho Notarial*, xullo-decembro 1960, páxs. 403 e seguintes.

GUILARTE ZAPATERO, V., "Comentarios al artículo 1802", *Comentarios al Código Civil y Compilaciones Forales*, ALBALADEJO, M. (dir.), t. XXII, vol. 1º, Madrid, 1982, páxs. 395 e seguintes.

LETE DEL RÍO, J.M., "Capítulo III. El vitalicio", *Comentarios al Código Civil y Compilaciones Forales, t. XXXII, vol. 1º, Artículos 1 a 99 de la Ley de Derecho Civil de Galicia*, ALBALADEJO, M. e DÍAZ ALABART, S. (dirs.), Edersa, Madrid, 1997, páxs. 647 a 692.

-"Capítulo XII. El vitalicio", *Manual de Derecho civil gallego*, Ed. Colex, Madrid, 1999, páxs. 137 a 146.

LORENZO FILGUEIRA, V., ""Estudios para una Ley de Bases de reforma de la compilación del Derecho Civil Especial de Galicia", *Foro Galego*, nº 181, 1985, en especial as páxs. 76 e 77.

LORENZO MERINO, F.J., *El Derecho civil de Galicia y la propuesta de Compilación del 22 de marzo de 1991*, Santiago de Compostela, 1992.

-"Contratos: Arrendamientos rústicos. Aparcería. Vitalicio", Derecho Civil Gallego, REBOLLEDO VARELA, Á.L., RODRÍGUEZ MONTERO, R.P. e LORENZO MERINO, F.J. (coords.), Consejo General del Poder Judicial e Xunta de Galicia, Madrid, 1996, páxs. 202 a 215.

-"Los contratos en el Derecho Civil de Galicia", *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance..., op. cit.*, páxs. 85 a 96.

LOSADA DÍAZ, A., "El contrato de "O vitalizo"", *Libro del I Congreso de Derecho Gallego, op. cit.*, páxs. 511 a 514.

MARINI, *Trattato di Diritto privato*, diretto da P. RESCIGNO, vol. 13, Torino, 1985.

-*Codice civile*, a cura di P. RESCIGNO, Milano, 1992.

MILLÁN SALAS, F., "El contrato vitalicio", *Actualidad Civil*, nº 23, do 4 ó 10 de xuño de 2001, páxs. 831 a 848.

NOGUEIRA ROMERO, S., LIAÑO FLORES, J.M., LORENZO MERINO, F.J. e PEÓN RAMA, V., "El contrato de vitalicio", tema III do relatorio *Obrigacións e contratos* presentado dentro da sección V, "PEDRO GONZÁLEZ LÓPEZ", ó III Congreso de dereito galego.

QUIÑONERO CERVANTES, *La situación jurídica de renta vitalicia*, Murcia, 1979.

REBOLLEDO VARELA, Á.L., "O contrato vitalicio na Lei 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia", *Dereito Civil de Galicia (Comentarios á Lei 4/1995 do 24 de maio)*, BARREIRO PRADO, J.J., SÁNCHEZ TATO, E.A. e VARELA CASTRO, L. (coords.), Revista Xurídica Galega, 1992, páxs. 275 a 307.

REINO CAAMAÑO, J., "El retracto legal y la libre contratación", *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, 1918, páxs. 274 e seguintes.

RISCO, V., *Teoría do nacionalismo galego*, Imp. de La Región, Ourense, 1920.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D., *Sempre en Galiza*, 3ª ed., Akal Editor, Madrid, 1977.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, F., "La cesión de bienes a cambio de alimentos: el contrato de vitalicio", *Libro Homenaje a Vallet de Goytisolo*, vol. III, Madrid, 1988, páxs. 726 e seguintes.

RODRÍGUEZ MONTERO, R.P., "El Derecho civil de Galicia, la Ley de Derecho Civil de Galicia, y el futuro Derecho civil de Galicia: apuntes, ideas y sugerencias", *La Ley de Dereito Civil de Galicia: balance..., op. cit.*, páxs. 9 a 35.